



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 20 de abril de 2023 (1421/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(259).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 11 de abril e ordinaria do 13 de abril de 2023 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(260).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “FARO EDUCA 2023” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 19458/101.**

Visto o informe xurídico de data 27/03/2023 e o informe de fiscalización do 03/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/02/2023, asinado pola xefa

do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 24 de xaneiro de 2023, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2023” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promover e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- 1) Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal con data 24 de xaneiro de 2023.
- 2) Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. de data 30 de xaneiro de 2023 sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto FARO EDUCA elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 2.217.585,15 € xustifica o prezo do contrato por importe de 112.295,00 euros, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.
- 3) Memoria económica do contrato asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal de data 30 de xaneiro de 2023.
- 4) Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 31 de xaneiro de 2023 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- 5) Memoria xustificativa do contrato de data 23 de febreiro asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal.
- 6) Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 23 de febreiro de 2023.

## **II.- CONDICIÓNNS DEFINIDORAS DO CONTRATO**



## Concello de Vigo

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O proxecto "FARO EDUCA", denominado ata o ano 2020, "FARO DA ESCOLA", é un proxecto organizado polo Faro de Vigo cunha traxectoria de mais de oito anos, no que participan os centros educativos de Vigo e o súa área de influencia.

Dito proxecto ten por obxecto impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa e involucrarse coas innovacións educativas.

O proxecto inclúe tres accións: Faro da Escola, Foro de Educación 2023 e Faro Educa.

### II.2.- Procedemento de adxudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva o proxecto.

A proposta parte de maneira directa da entidade "FARO DE VIGO S.A.U.", a cal é a propietaria de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual do proxecto "VIGO EDUCA 2023" (atópase anexada ao expediente no trámite 3 da guía de tramitación a declaración de propiedade da exclusividade)

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (Faro de Vigo) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado "FARO EDUCA 2023" e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

Achégase no expediente no trámite nº 7 informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto FARO EDUCA elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 2.217.585,15 € euros, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

O retorno publicitario queda tamén garantida a través dos medios propios da organizadora, que acada uns valores de identificación extraordinarios. Esta difusión se realiza a través serie de accións de comunicación e difusión a través do xornal "FARO DE VIGO", tanto na súa edición en papel como na web.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos

cos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de periódicos).

O “Concello de Vigo” como patrocinador ademais de poder incluír a súa imaxe institucional como promotor pretender por en coñecemento da cidadanía a súa implicación coa comunidade educativa e por en valor a importancia que a educación ten para o Concello como órgano representativo da cidade.

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

Considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplícanse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19.489,21 €**

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2020.

### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación



## Concello de Vigo

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

### II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

- 1.- O prazo de execución será de 7 meses.
- 2.- O cómputo do prazo iniciarase o 1 de xuño de 2023. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

## II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

## II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía

## II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

## II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

### De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderán verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

## II.13.- Solvencia

### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

### **- Solvencia técnica e profesional:**

- Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos



## Concello de Vigo

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

### II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto "FARO EDUCA 2023", á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 31 de xaneiro de 2023.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 23 de febreiro de 2023.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(261).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE.15649/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado pola titular de Asesoría Xurídica Municipal e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

#### **A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

##### **1. - Contencioso**

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada

<b>Ref. Asesoría Xurídica</b>	<b>Núm. Recurso</b>	<b>Núm. Sentenza</b>	<b>Data Sentenza</b>
12954/111	188/2020	285	28 de novembro de 2022
13372/111	7/2021	293	1 de decembro de 2022
13299/111	336/2020	298	9 de decembro de 2022
13033/111	241/2020	299	9 de decembro de 2022
12966/111	191/2020	300	9 de decembro de 2022
12961/111	193/2020	310	9 de decembro de 2022
13290/111	330/2020	311	9 de decembro de 2022
12956/111	190/2020	312	9 de decembro de 2022
12984/111	217/2020	319	15 de decembro de 2022
12955/111	189/2020	321	19 de decembro de 2022





## Concello de Vigo

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso	Núm. Sentenza	Data Sentenza
13006/111	218/2020	326	22 de decembro de 2022

Estas sentenzas, ditadas en execución do resolto en apelación, analizan e resolven a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do decreto de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade).

No seu F.D. 2º reiteran a diferenza entre horario e xornada de traballo.

No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúen na inexistencia de dano antixurídico, desestiman o recurso e declaran a firmeza destas segundas sentenzas por razón de contía.

### 2. - Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Retribucións; atrasos de complementos de festividade e nocturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Local.

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Sentenza		Procedemento orixe	Expedientes administrativos
		Núm.	Data		
14413/111	171/2022	81	01/02/2023	RC-A nº 320/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 297 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38149/220 38266/220
14400/111	176/2022	115	15/02/2023	RC-A nº 301/2021 PA XC-A nº 2, Sentenza nº 287 do 22/12/2021, comunicada na sesión da XGL do 22/01/2022	35363/220 38149/220
14381/111	503/2022	130	15/02/2023	RC-A nº 333/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 305 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	38102/220 35363/220
14631/111	345/2022	165	27/02/2023	RC-A nº 368/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 93 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14639/111	340/2022	163	27/02/2023	RC-A nº 289/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 75 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14653/111	350/2022	166	27/02/2023	RC-A nº 378/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 94 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38266/220

14658/111	366/2021	144	27/02/2023	RC-A nº 313/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 86 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38266/220
-----------	----------	-----	------------	--	------------------------

Estas sentenzas, que non son firmes (recorridas en casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas de instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declaran o dereito dos actores a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nocturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

3.- Contencioso. Expediente nº 14130/111  
Sentenza nº 164 do 27 de febreiro de 2023  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 115/2022  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: Traslado á sección retén servizo grúa municipal.  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza resolve, desestimando, o recurso de apelación que o demandante interpuxo contra un Auto ditado no procedemento de execución definitiva de execución do P.A. 91/2019.

Con independencia da situación concreta do demandante no momento actual (sexa de incapacidade temporal, sexa porque se confirma a resolución do INSS que o declara en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual), cuestións que o Concello debe de ter en conta cando se resolva a impugnación da resolución de xubilación, o Concello debe cumprir a sentenza.

A sentenza desestima a pretensión do demandante de que a sentenza se executase conforme ao solicitado, e reitera que a súa execución debe axustarse ao resolto. Isto é, á asignación ao demandante dun posto de traballo na Policía Local a través do procedemento que corresponda.

A Área de RRHH e Formación, Área de Seguridade e Xefatura da Policía Local deben de coñecer do resolto, e continuar cos trámites de execución da sentenza.

Procedementos de orixe:  
RC-A nº 91/2019 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 256/2019 de 11/09/2019, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/10/2019.  
Execución Definitiva nº 23/2020, Auto de 27/10/2021, desestimatorio

4.- Contencioso. Expediente nº 14784/111  
Sentenza nº 55 do 28 de febreiro de 2023  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 158/2022  
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares  
Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 07/03/2022, modificado por outro do 22/03/22, provisión temporal en réxime de comisión de servizos dos postos de traballo Vacantes "Xefe/a de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local", "Xefe/a de Estatística" e "Xefe Vías e Obras e Infraestruturas".  
Expte(s): 39521/220, 37331/220, 1026/441  
Contía: Indeterminada



## Concello de Vigo

Esta sentenza non é firme, e desestima o recurso interposto polo sindicato CCOO demandante contra a resolución de provisión temporal e urxente por medio de comisión de servizos de tres postos de xefatura de servizo vacantes.

Na resolución xudicial se considera que este modo de provisión é claramente excepcional e non pode empregarse naquelas situacións nas que non concorran as situacións de excepcionalidade, nin superar o período máximo establecido na normativa.

Neste caso se desestima a demanda porque a necesidade urxente do Concello na provisión temporal destas prazas xustifícase non só por razóns de interese público, senón porque esta necesidade garda relación coa executoria dunha sentenza que, trala elaboración dunha nova RPT, comporta que o Concello deba proveer con carácter definitivo as prazas vacantes.

Extremo este, recollido expresamente no apartado cuarto da resolución impugnada, que a sentenza critica que o sindicato demandante omita no seu escrito de demanda, e que resulta un elemento motivador da duración destas comisións de servizo.

Canto aos aspectos formais; publicidade, cumprimento dos requisitos de idoneidade polas persoas funcionarias que concorreron ao proceso, etc, se considera que o expediente é axustado a dereito.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 14854/111

Sentenza nº 149 do 27 de febreiro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 527/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude do 16-11-2021. Acumulación de prazas (vacantes e desertas) en promoción interna ás de quenda libre nun procedemento selectivo derivado da OEP 2014/5/6

Expte(s): 37987/220

Contía: Indeterminada

A sentenza, con desestimación do recurso de apelación interposto e acollendo a adhesión a apelación deducida conta a sentenza de instancia, a revoca desestimando o recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta da solicitude de acumulación das catro prazas auxiliar de Administración Xeral da quenda de promoción interna que quedaron deserta ás prazas convocadas pola quenda libre no proceso selectivo relativo a OEP 2014-2015-2016 (BOP núm.60, do 26.03.2018).

A sentenza limitáase a acoller a adhesión á apelación formulada polo Concello declarando que a taxa de reposición de efectivos derivada das limitacións orzamentarias impide que acrezan ao turno libre ningunha das prazas desertas na quenda de promoción interna, sen que podan acumularse tampouco as prazas reservadas para persoas con discapacidade que se incluían na quenda de promoción interna.

Impón as custas da segunda instancia a recorrente fixando a contía en 1.000 euros.

A sentenza é recorrible en casación, sempre que se acredite interese casacional, que deberá prepararse ante a Sala de instancia no prazo de 30 días.

Debe coñecer o resolto a Área de Recursos Humanos e Formación.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 86/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 114 de 26/05/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022

6.- Contencioso. Expediente nº 14956/111

Sentenza nº 33 do 9 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 236/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra resolución de adscrición de persoal de novo ingreso - Administrativos/as- da Concelleira de Xestión Municipal

Expte(s): 38846/220

Contía: Indeterminada

Sentenza firme que estima parcialmente á demanda e anula e revoca a resolución municipal do 28 de febreiro de 2022 de adscrición de persoal de novo ingreso e declara o dereito da actora a que o prazo de toma de posesión se considera como de servizo activo a tódolos efectos, e a que con retroacción das actuacións a ese instante (1 de febreiro de 2022) se lle asigne destino distribuindo as prazas existentes indicadas no informe da TAX do 11.02.2022 en función da puntuación obtida, preferencias e na orde decrecente. Sen custas.

7.- Contencioso. Expediente nº 15131/111

Sentenza nº 41 do 20 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 308/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: privación do seu dereito de toma de posesión da praza da policía local correspondentes á OEP 2017-2018-2019 pola quenda de mobilidade horizontal.

Expte(s): 40801/220

Contía: Indeterminada

Sentenza desestimatoria da pretensión da demandante consistente en tomar posesión meramente formal, do posto para a que resultou seleccionada por mobilidade horizontal (Policía Local), e na declaración do Concello de Vigo da súa excedencia voluntaria por incompatibilidade por prestación de servizos, por canto comunicou ao Concello de Vigo a súa intención de permanecer en servizo activo no seu Concello de orixe. Segundo a sentenza as bases da convocatoria son respectuosas co art. 10 da Lei 53/1984, en canto lle permite optar por un dos postos que resulten incompatibles; se a opción escollida pola funcionaria non é a do posto novo ofertado nesas bases, o perderá, e se declarará cesante, sen que proceda declaración de excedencia nin declaración de situación administrativa de servizo noutra administración. Sen custas. Cabe apelación.

8.- Contencioso. Expediente nº 15141/111

Sentenza nº 45 do 20 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 304/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do Concello de Vigo o 27/09/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por prestación de servizos no sector público.

Expte(s): 40799/220

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima a pretensión do demandante-aspirante seleccionado no proceso selectivo para cubrir 15 prazas de Policía Local pola quenda de mobilidade horizontal mediante o sistema de concurso- de que o Concello de Vigo o declarase en excedencia voluntaria por prestación de servizos noutra Administración, ao comunicar a súa intención de permanecer na praza de orixe (Concello de Nigrán).

Segundo a sentenza, nas bases do procedemento selectivo -non impugnadas polo recorrente- xa estaban previstos os requisitos para tomar posesión e as consecuencias de non facelo, sendo as bases respectuosas co artigo 10 da Lei 53/1984. Aínda que non resulta de aplicación ao caso- por razóns temporais- a nova redacción do artigo 43 da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, a prevención de que os postos adquiridos por concurso son irrenunciáveis xa estaba contida no artigo 49 do Regulamento xeral de ingreso do persoal do Estado (de aplicación supletoria segundo o seu artigo 1.3).

A sentenza é susceptible de recurso de apelación. Sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Área de Recursos Humanos e Formación.

9.- Contencioso. Expediente nº 15147/111

Sentenza nº 42 do 20 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 310/2022



## Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos polo seu vehículo por mor da colisión cun xabarín cando circulaba pola rúa Clara Campoamor.

Expte(s): 6716/243

Contía: 1.888,31 €

Sentenza desestimatoria firme da reclamación efectuada polo demandante, por atropelo dun xabarín na Avda. Clara Campoamor. Os motivos que alega é a falta de valado, falta de sinalización de paso de animais e escasa iluminación. A sentenza indica que a responsabilidade da administración neste tipo de accidentes só cabe nos supostos establecidos pola DA7ª do RDLex 6/2015 e que non resulta probado polo actor que concorrese algún deses supostos. Sen custas.

10.- Contencioso. Expediente nº 15169/111

Sentenza nº 45 do 15 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Dereitos fundamentais: 326/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 31/10/2022, polo que se fixan os servizos mínimos a manter durante a folga.

Expte(s): 3926/449

Esta sentenza estima o procedemento especial en materia de dereitos fundamentais que o comité de empresa da contratista do transporte urbano VITRASA interpuxo contra dous decretos municipais que estableceron os servizos mínimos durante o período de folga convocado.

A sentenza considera exhaustivamente motivados ámbolos dous decretos, así como o esforzo municipal en equilibrar os intereses tanto das persoas usuarias do servizo, como das traballadoras da empresa.

O Xulgador considera de extremos a postura inicial do comité de que a partires do comezo dos paros parciais cesase calquera actividade, posto que equivalería a deter o vehículo con independencia do lugar no que se atopase e das persoas usuarias que viaxasen a bordo.

Tamén examinou o que denomina como terceira vía, e que na sentenza indica que plantexou a demandante ao Concello con ocasión da ampliación dos paros, e que emprega para resolver este proceso, no que a pesares de que non existe pronunciamento expreso sobre a vulneración deste dereito fundamental á folga, e de que se louva a motivación municipal, considera ponderado estimar parcialmente a demanda.

E o fai no senso de resolver que, durante a primeira media hora de cada un dos paros parciais convocados, se permitirá tanto a subida como a baixada de viaxeiros, mentres que superada esa media hora tan só se permitirá a baixada de viaxeiros ata o remate do traxecto, debendo continuar ata o final da liña.

O Servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 15553/111

Sentenza nº 76 do 29 de marzo de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Dereitos fundamentais: 50/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución ditada o 03/02/2023 de servizos mínimos (convocatoria de folga)

Expte(s): 4102/449

Esta sentenza non é firme, e contra ela pódese interpoñer recurso de apelación. Desestima o recurso interposto polo comité de empresa de VITRASA contra o decreto do 3/10/2023 sobre servizos mínimos no servizo de transporte asinado polo concelleiro-delegado.

A resolución, logo de valorar as circunstancias, intereses e dereitos concorrentes, conclúe que non existe vulneración algunha do dereito fundamental ao exercicio da folga por mor do decreto sobre servizos mínimos aprobado polo Concello, logo da convocatoria de folga acordada polo comité demandante.

A sentenza considera que o informe municipal que funda a adopción dos servizos mínimos se atopa motivado sen limitarse a acoller o que a empresa propoñía como servizos mínimos para as persoas traballadoras convo-

cantes da folga. Se trata dunha proposta de servizos mínimos autónoma, que examina de modo pormiudado as necesidades a cubrir e os dereitos a respectar en cada liña e franxa horaria, e que por todo isto, xustifica a súa ponderada ratificación.

A maior abundamento, se valora que se procedese a respectar tamén o contido do pronunciamento non firme adoptado polo XCA nº 1 de Vigo, así como o feito de que o comité demandante non fixese ningunha proposta alternativa de servizos mínimos, ou cando menos criticase co mesmo rigor que se adoptaron, os da resolución municipal.

O Servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 15114/111

Sentenza nº 41 do 10 de febreiro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7153/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: XGL 10-5-2021. Liquidación contrato XER (XGL 23-5-2007) anulado

Expte(s): 6595/241

Contía: 2.521.170,55 €

Esta sentenza desestima o recurso presentado pola parte demandante (contratista municipal do servizo da ORA estacionamento regulado), e confirma a de instancia, que pola súa vez confirmou o acto municipal recorrido.

A sentenza do TSXG, contra a que só cabe recurso de casación considera que o recurso formulado non se acomoda ao recurso de apelación, posto que non se pode pretender unha repetición do xuízo.

Considera que a fundamentación da sentenza de instancia é válida e que, en síntese, non existe ningunha obriga de abonarlle á Dornier a diferenza entre o custe anual do servizo e a recadación se o saldo é negativo (sic).

A parte apelante (antes demandante) descompuxo os máis de 2.500.000 € pretendidos en diversos conceptos, pero a resposta xudicial é que non é posible atender ao pretendido máis que en circunstancias nas que o contrato resulte válido, e neste caso este contrato non se desenvolveu nesas condicións.

Procedía non indemnizar polos investimentos xa amortizados, así como indemnizar desequilibrios do contrato, porque se declarara nulo. E tal nulidade comporta consecuencias sobre a liquidación efectuada, axustada a dereito.

A Área de Seguridade debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 178/2021 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 243 de 28/09/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/12/2022

13.- Contencioso. Expediente nº 13644/111

Providencia do 23 de febreiro de 2023

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 332/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 23-4-2021. Liquidación de “cofinanciamento” dos centros de día de Teis, Coia e Valadares (1ª liquidación de 2021)

Expte(s): 214951/301

Contía: 120.000,00 €

Esta resolución acorda a inadmisión a trámite do recurso de casación promovido pola representación do Concello contra as resolucións do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do ano 2021, para o cofinanciamento dos Centros de Día.

Se indica na providencia que o Concello incorporouse á xestión do servizo por parte do Consorcio, e que o servizo é de carácter local, así como que o Concello non manifestou en tempo e forma a súa vontade de manter o réxime anterior de cofinanciamento anterior á aprobación da Lei de acompañamento (artigo 69 da Lei 2/2017 discutido), polo que as liquidacións se practicaron conforme a este novo réxime.



## Concello de Vigo

Resultando a interpretación dun precepto de dereito autonómico, non se admite e tampouco se pronuncia sobre a cuestión de inconstitucionalidade exposta.

A Área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 332/2021 PO TSXG-1, Sentenza nº 486 de 08/06/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 11/08/2022

### *B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CIVIL*

1.- Civil. Expediente nº 14113/111

Sentenza nº 48 do 3 de febreiro de 2023

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 6

Recurso de apelación: 1174/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de responsabilidade civil polos danos causados pola ocupación dunha franxa de terreo, que foi transformada en vía pública, propiedade dos demandantes.

Esta sentenza ditada en Apelación desestima o recurso promovido pola parte apelante (propietarios dunhas fincas) e confirma a sentenza ditada na instancia. Só cabe a presentación de recurso de casación civil.

Na instancia se resolveu en favor do Concello, absolvendo ao mesmo, a desestimación dunha acción reivindicatoria sobre o Camiño Longra R 7, que figura no Inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo.

A valoración da proba na instancia foi correcta, e o uso público deste camiño público quedou acreditado na instancia, como a instalación de determinados servizos públicos, de modo que non se considera ocupado polo Concello ningún terreo de titularidade privada.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

Procedemento Ordinario nº 759/2020 Xulgado Primeira Instancia nº 11 de Vigo, Sentenza nº 245 de 04/10/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/12/2021

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e

privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(262).- PRORROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 247953/301.**

Visto o informe xurídico de data 12/04/2023 e o informe de fiscalización do 14/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/2023, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto ao Servizo, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 24.09.2020, acordou: “*Adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%. b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*”.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.11.2020, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2020, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. No ano 2022 tramitouse no Exp. n.º 241411/301 (2022), unha modificación deste contrato para poder asumir o maior gasto representado polo aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas ó Concello de Vigo pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia. Ese incremento foi de 220.872 horas anuais de dependencia e de 4.462.172,41€ do prezo do contrato.

I.5. Tramítase agora a 1ª prórroga do contrato de SAF no expediente administrativo nº 247953/301 (2023) do Servizo de Benestar Social e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 23.01.2023, ordeando a incoación de expediente administrativo para esta 1ª prórroga.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.
- Escrito presentado polo representante de «Servisar Servicios Sociales SLU», D. Agustín Lopesino Sousa (Rexistro electrónico do 22.03.2023; Doc. nº 230073269; trámite nº 656 do Exp. nº 197921/301) solicitando o reequilibrio económico do contrato ou, subsidiariamente, a súa resolución “*debido a circunstancias imprevisibles, lo que supone la imposibilidad de la continuación de la ejecución del contrato en los términos y condiciones pactados, en aquél, así como la ejecución de la prórroga contemplada en el mismo*”.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).

- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLEX.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vigo (BOP nº 14, do 22.01.2010).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01\_2021).

### III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco*



## Concello de Vigo

*de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.12.2020 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas e familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

III.2.7. A primeira prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 30.11.2020 e a modificación acordada no ano 2022, formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.

III.2.8. O contratista manifesta no seu escrito de data 22.03.2023 a súa oposición expresa á continuación da execución do contrato (coas dúas prórrogas previstas) de non mediar o reequilibrio económico que postula, solicitando en caso contrario, subsidiariamente, a resolución do mesmo “*por imposibilidad de ejecución en las condiciones actuales*”.

Á marxe do pronunciamento que polo órgano de contratación deba adoptarse en relación con eses pedimentos do contratista (reequilibrio / resolución), o certo é que, na nosa opinión, os seus argumentos non poden enervar as previsións contractuais sobre prórroga deste contrato polas seguintes razóns:

- 1) O principio da eficacia vinculante do contrato e da invariabilidade das súas cláusulas é a norma xeral que rexe no noso ordenamento xurídico, tanto para a contratación privada como para a contratación administrativa pública. Asinado o contrato, aplícase o principio clásico “*pacta sunt servanda*” conforme ó que as obrigas que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes contratantes e deben cumprirse a teor das súas cláusulas, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas (Arts. 1091 e 1258 CC e Art. 189 LCSP).
- 2) As dúas prórrogas anuais do contrato do SAF asinado entre o Concello de Vigo e a mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» o 30.11.2020 son obrigatorias para o contratista, tal como se recolle no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) e no propio contrato (cláusula 4), do que



## Concello de Vigo

forman parte os Pregos de contratación, ós que o contratista prestou expresa aceptación e que constitúen a lei do contrato.

- 3) Os únicos requisitos esixidos para o efecto son a adopción de acordo expreso por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (órgano de contratación) e a súa notificación ó contratista, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do seu prazo de duración (cláusula 7 PCAP).
- 4) A teor da cláusula 29.3 do PCAP deste contrato: “O adxudicatario asume de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo”.
- 5) Conforme co Art. 197 da LCSP e a cláusula 27.3 do PCAP, este contrato ten que executarse “a riesgo y ventura” do contratista, o que implica que este deba asumir os riscos a que estea exposto o desenvolvemento do contrato e que repercuten no beneficio económico que agarda obter.

A doutrina do Tribunal Supremo é moi clara ó respecto: a contratación administrativa caracterízase por “llevar inherente un elemento de aleatoriedade de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista”. Sinala tamén que “en lo que concierne a las alteraciones de la economía del contrato, la expresa aplicabilidad del principio de riesgo y ventura hace que el contratista, al igual que se beneficia de las mayores ventajas que en relación con las previstas le depara la dinámica del contrato, ha de soportar la mayor onerosidad que para él pueda significar su ejecución” (STS do 20.07.2016).

En efecto, a proclamación legal do principio de “riesgo y ventura” (Art. 197 LCSP) leva inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato, que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato non libera de cumprir o estritamente pactado nin lle faculta para apartarse do vínculo contractual ou para reclamar a súa modificación.

Como se afirma na STS do 13.02.2018, isto quere dicir que se por circunstancias sobrevidas se incrementan os beneficios do contratista sobre aqueles inicialmente calculados, a Administración non poderá reducir o prezo, “mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización”.

- 6) A precitada Sentencia do Tribunal Supremo do 20.07.2016 indica tamén que para que proceda o reequilibrio financeiro do contrato en aplicación do principio de “riesgo y ventura” non abonda con que a súa economía resultase alterada, senón que é preciso que a causa desa alteración fose o “factum principis”, o exercicio do “ius variandi” ou a concorrencia de circunstancias calificables de “feito imprevisible”. Como a seguir veremos, na nosa opinión non concorre ningún destes supostos.
- 7) De acordo coa normativa vixente, na maioría dos contratos de servizos a revisión de prezos non está contemplada como un sistema que permita solventar unha situación de incremento

dos custos salariais como consecuencia de eventuais cambios dun convenio colectivo e, ademais, a propia lexislación contractual limita, nos supostos nos que sexa posible, a revisión destes custos, excluíndoos en xeral desta posibilidade (Art. 103 LCSP e Art. 7 RD.55/2017, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da L.2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española).

- 8) No caso concreto que nos ocupa, conforme coa LCSP (Art. 103), a revisión de prezos está excluída expresamente do contrato de servizos formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» para a prestación do SAF (cláusulas 33 e 3.K das FEC – PCAP).
- 9) Por outra banda, a única modificación prevista nos Pregos deste contrato é a relativa ó seu prezo, derivada (exclusivamente) do “incremento das horas de prestación do servizo” e co límite do 20% (Art. 204 LCSP e Apdos. A], B], C] e D] das FEC – PCAP).
- 10) Consonte co Art. 205 da LCSP e a precitada cláusula 29.3 do PCAP, non procedería unha modificación non prevista do contrato por incrementos salariais sobrevidos derivados da estricta aplicación do convenio colectivo pactado entre os empresarios e os traballadores do sector, na medida en que non pode considerarse ese incremento como unha circunstancia sobrevida e “imprevisible”.
- 11) Ademais, como xa tivo ocasión de manifestar a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, con apoio no Art. 203.1 da LCSP, a modificación do contrato refírese a un cambio no obxecto do mesmo: “...la modificación del contrato, tanto en la Directiva como en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se refiere al cambio del objeto del mismo, esto es, a la prestación que desarrolla el contratista a favor de la entidad contratante, no al precio...”.

Polo tanto, o incremento nos prezos que compoñen o actual contrato de SAF non implica, en sentido técnico-xurídico, un cambio no seu obxecto, polo que non procedería a súa modificación.

Á marxe do anterior, desde o punto de vista material, unha modificación que afectase ó prezo do contrato sería claramente unha revisión de prezos encuberta (e prohibida) e, ó mesmo tempo, suporía unha alteración das condicións do contrato que afectaría a dous elementos fundamentais do mesmo, definidos na súa fase de preparación, como son o orçamento e o valor estimado.

- 12) Neste sentido, lémbrese que o prezo deste contrato foi calculado polo Servizo xestor tendo en conta o previsto no “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG n.º 31, do 16.02.2010), como así se recolle na súa Memoria Xustificativa (Apdo. 6). Nese Convenio estaba e está contemplado que para o caso de denuncia do convenio e mentres non se chegue a acordo sobre o novo, aplicaríase o incremento de “todos os conceptos económicos” vencellado ó IPC do ano anterior desde o primeiro mes do ano, independentemente da evolución do PIB (Art. 7: “*Denuncia e prórroga*”). Desa previsión concreta do Convenio colectivo dérívase agora o incremento salarial que o contratista considera inasumible.



## Concello de Vigo

- 13) Ademais de non poder considerarse unha circunstancia “*imprevisible*”, o incremento dos custos salariais do persoal do SAF non deriva dunha actuación desta Administración contratante, senón da negociación colectiva que libremente levaron a cabo no ámbito laboral os representantes dos traballadores e dos empresarios e na que, obviamente, non participou o Concello de Vigo.

Así as cousas, non concorren por ese incremento os requisitos necesarios para poder considerar a eventual procedencia do reequilibrio do contrato por aplicación do mecanismo do “*factum principis*”.

Se a vontade da Administración pública contratante (Concello de Vigo) resulta completamente allea a esa negociación colectiva no eido laboral, carecería de toda lóxica que as consecuencias derivadas da mesma, concretadas en incrementos salariais que teñen causa no Convenio colectivo de ámbito autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia subscrito o 03.11.2009 entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, tivesen que ser soportadas e financiadas con cargo ós orzamentos municipais.

Obviamente, tampouco ningunha responsabilidade ten o Concello de Vigo en que se frustrasen as negociacións iniciadas en 2022 entre a patronal e os sindicatos para a subscrición dun novo convenio colectivo (con revisión salarial desvinculada do IPC) e que deron lugar a un preacordo que finalmente no foi ratificado por toda a representación sindical.

- 14) Manifesta no seu escrito o representante de «Servisar Servicios Sociales SLU» que a aplicación do IPC correspondente ós exercicios de 2021 e 2022 á revisión dos salarios dos/as traballadores/as do SAF (como establece o Art. 7 do seu Convenio colectivo de 2010, en ultraactividade) supón que o incremento total dos custos salariais acumulados para os anos 2022 e 2023 ascendería a un 12,2%, o que determinaría, segundo indica, que a partir deste ano o servizo deixe de ser economicamente sostible e lles ocasione “*graves pérdidas económicas*”.

Pois ben, se algo demostra a realidade é que resulta moi difícil prever tanto a evolución do IPC como o seu impacto real na economía en xeral e na contratación pública en particular. Proba disto é que en 2020 situouse no -0,50% e nos dous anos seguintes acadou o 6,50% e o 5,70%, respectivamente. Nesta altura, resulta igual de problemático aventurar cál será o IPC final en 2023 e a súa repercusión nos dous anos de prórroga deste contrato.

Agora ben, non debe esquecerse que se na economía do contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» ten tanta influencia o IPC é porque no seu momento (2009) as partes negociadoras do Convenio colectivo pactaron aqueles incrementos retributivos vinculados directamente a ese Índice e porque, nun escenario posterior moi distinto (2022), non foron quen de acordar un novo Convenio nos termos propostos pola parte empresarial: desvincular os incrementos salariais do IPC, establecer incrementos substanciais para as novas licitacións e incrementos inferiores para os servizos con contratos vixentes.

- 15) No procedemento licitatorio tramitado en 2020 para a adxudicación do contrato de SAF no Concello de Vigo, «Servisar Servicios Sociales SLU» foi o licitador que presentou a maior baixa de todos os presentados, proponendo unha porcentaxe única de redución do prezo unitario fixado no Apdo. 3.G das FEC (17,99€/h, IVE incl.) do 7,20 %, o que se traduciu nun

prezo/hora de 16,69€/h, IVE incl., pola que obtivo a puntuación máxima prevista no PCAP de 45 ptos.

Como consta na documentación do expediente, formulou a súa oferta económica tendo en conta, para o cálculo dos gastos de persoal, que: *“El convenio de aplicación es el Convenio Colectivo para la actividad de Ayuda a Domicilio en la Comunidad Autónoma de Galicia. Se ha estimado un coste de seguridad social del 32%. Las revisiones salariales contempladas son del 1% para cada año”*.

É claro que esas previsións de revisión salarial do licitador, estimadas a partir dos datos do IPC promedio de exercicios anteriores, quedaron sobrepasadas pero, como suñña a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, o incremento dos custos da máñ de obra derivados dos convenios colectivos “forma parte del alea normal del contrato y es un riesgo propio de la ejecución del mismo, riesgo que el contratista debe soportar...”.

16) O Concello de Vigo está a propoñer ó órgano de contratación esta 1ª prórroga do contrato do SAF exactamente nos mesmos termos xa pactados con «Servisar Servicios Sociales SLU», sen introducir variación ningunha en relación co servizo que se presta na actualidade.

17) Á marxe dos supostos taxados na regulación xeral da contratación pública, o reequilibrio só procederá cando estea previsto no propio contrato (o que non é o caso) e cando unha lei especial regule hipóteses específicas de alteración da economía inicial do contrato e estableza medidas singulares para restablecela.

Por esta razón, entendemos que a compensación ou reequilibrio económico ó que aspira o contratista debido ó incremento dos custos salariais do persoal adscrito ó servizo de SAF debería ter resposta, de ser o caso, noutro ámbito, como xa se fixo polo lexislador estatal a través do RDL.3/2022, do 1 de marzo de 2022, de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, modificado polo RDL.6/2022, do 29 de marzo; disposición únicamente aplicable ós contratos de obras e relativo ó incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, sen incluír o prezo da enerxía.

III.2.9. O gasto representado por esta 1ª prórroga, que é de 10.574.116,40€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.01 - *“Prestación do Servizo de Axuda no Fogar”* dos orzamentos municipais; 881.176,37 € ó exercicio de 2023 (do 01.12.2023 ó 31.12.2023) e 9.692.940,03 € ó exercicio de 2024 (do 01.01.2024 ó 30.11.2024).

III.2.10. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.11. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

#### IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.11.2020 polo Concello de Vigo coa entidade «Servisar Servicios Sociales SLU», toda vez que:





## Concello de Vigo

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2023 e ata o 30.11.2024, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.09.2020 á entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890) por un prezo de 23.189.492,97 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 30.11.2020, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2020 e a modificación acordada no ano 2022 (incremento do prezo do contrato en 4.462.172,41€), formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 10.574.116,40€ que representa esta primeira prórroga a favor de «Servisar Servicios Sociales SLU», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.01 - *“Prestación do Servizo de Axuda no Fogar”*, correspondendo 881.176,37 € ó exercicio de 2023 (do 01.12.2023 ó 31.12.2023) e 9.692.940,03 € ó exercicio de 2024 (do 01.01.2024 ó 30.11.2024).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(263).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO “CENTRO DE FORMACIÓN” DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 248390/301.**

Visto o informe xurídico de data 03/04/2023 e o informe de fiscalización do 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución de data 03.02.2023 a Concelleira de Política de Benestar Social acordou incoar expediente administrativo para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do “*Centro de Formación*” na rúa Alta nº 23, encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social o 03.02.2023 (trámite nº 5).
- Memoria xustificativa do contrato, asinada o 28.02.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 31).
- Memoria económica, asinada o 28.02.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 30).
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 28.02.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e conformado pola Concelleira delegada na mesma data (trámite nº 32).
- Declaración do redactor do Prego técnico, asinada o 03.02.2023 (trámite nº 10).
- Documento económico (RC 202300013644), asinado polo responsable da Contabilidade municipal, de data 09.02.2023 (trámite nº 18).
- Informe da Técnica de Administración Xeral e da Xefa do Servizo de Contratación do 01.03.2023 (trámite nº 36) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO “CENTRO DE FORMACIÓN” DA



## Concello de Vigo

CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL, NA RÚA ALTA Nº 23”, asinado o 27.03.2023 pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación (trámite nº 50).

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023 (XGL do 30.12.2022).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1. A contratación de actividades formativas nas instalacións municipais do “*Centro de Formación*” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, executadas con financiamento DUSI OT 9, ten como obxectivo mellorar a capacitación e a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

III.2. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa das actividades formativas previstas neste contrato, polo que resulta absolutamente indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP).

III.3. Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio de 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30.12.2022 (Exp. nº 6812/241) e publicado no perfil do contratante.

III.4. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturação dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iníciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 03.02.2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.5. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Xefatura de Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da TAX e da Xefa do Servizo de Contratación do 01.03.2023, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.6. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será do 01 de xuño de 2023 ó 30 de novembro de 2023.

III.7. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria. O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H e 1.J das FEC).

III.8. O prezo do contrato é de 162.000 €, exento de IVE por tratarse de actividades de formación. O gasto poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.06.11 “*DUSI, OT9, LA 19, FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN*”.

III.9. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.10. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas nas instalacións municipais do “*Centro de Formación*” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 31 e 30), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 32), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27.03.2023 (trámite n.º 50), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (162.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria n.º 2310.2270611 “*DUSI, OT9, LA 19, FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN*”.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(264).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “IX PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 11039/307.**

Visto o informe de fiscalización do 17/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/04/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11039-307)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11039-307)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO IX PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 16 de xaneiro de 2023.*

*3º.- Autorizar o gasto total de CENTO OITENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMO (181.505,08 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (31.500,88 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación*

3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11.039-307) na seguinte orde descendente:*

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	99,60

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.3196.78), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 29 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de abril de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola



## Concello de Vigo

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 17 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.3196.78) o procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11039-307) sendo o prezo total do contrato o de 172.429,83 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.925,84 € euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(265).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DO SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXP-TE. 46941/234.**

Visto o informe de fiscalización do 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral (delegación da xefa do Servizo de Contratación do 03/05/19) e pola xefa do Servizo de Estatística, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do Servizo de Estatística (PCAP)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro, mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio de servizo de Estatística:*

*No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado pola Xefa de Estatística e o Xefe de Administración Electrónica de data 24/01/2023 co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda da mesma data.*

*- Memoria económica do contrato de data 26/01/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.*

*- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 01/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PRT) de data 02/02/2023 asinado polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística.*

*- Informe técnico sobre a necesidade do procedemento negociado asinado polo Xefe de Administración Electrónica de data 03/02/2023.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área*





## Concello de Vigo

de Réxime Interior e da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 32.173,49 €, que inclúe un I.V.E. de 5.583,83 €, dende o 15 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	base	ive	total
2023	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	14.192,97 €	2.980,52 €	17.173,49 €
2023	MANTEMENTO APLICATIVOS ESTATÍSTICA	9231.2279901	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
TOTAL			26.589,66 €	5.583,83 €	32.173,49 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** O 24 de febreiro de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** O 8 de marzo de 2023 T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 15 de marzo de 2023, reuníronse a xefa do Servizo de Estatística coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal e acordouse conceder un prazo de 3 días a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. para a súa emenda.

**Quinto.-** Durante o prazo concedido o licitador presentou a documentación esixida, polo que se reuniron novamente a xefa do Servizo de Estatística coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19) para a súa cualificación o 16 de marzo de 2023.

Dado que o licitador emendou correctamente a documentación do sobre A foi admitido e abriuse o sobre C, en aplicación do previsto na cláusula 14.3.

De conformidade coa cláusula 11 do Anexo I -FEC- do PCAP non procede a negociación porque *“o subministro e servizo obxecto desde contrato soamente pode ser encomendado a unha empresa e as características e requisitos técnicos dos servizos están definidos e determinados”*

En aplicación do criterio recollido na cláusula 16 do PCAP (*“Considerarase que a proposición é anormalmente baixa cando sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais”*), constatouse que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados.

**Sexto.-** O 17 de marzo de 2023 concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordos de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019), adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do Servizo de Estatística (46.941-234) na seguinte orde decrecente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA. S.A.U.

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (A-81.608.077), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a seguinte documentación:*

- 1. A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- 3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- 4. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 25.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*



## Concello de Vigo

**Sétimo.-** A citada resolución foi notificada ao licitador o 20 de marzo de 2023, que presentou a documentación esixida o 29 de marzo de 2023.

Revisada a documentación presentada, esta é correcta, polo que procede propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefatura do servizo xestor e á do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 15 e 17 de marzo de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (A-81.608.077) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do Servizo de Estatística (46.941-234) por un prezo total de 32.173,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.583,83 euros:*

- Parte fixa (subministro): 17.173,49 euros*
- Parte variable (servizo): 15.000,00 euros, de acordo co prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I FEC do PCAP*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(266).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO RECURSO Nº 54/2023, CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS QUE PERMITAN A XERACIÓN DE ACTAS AUDIOVISUAIS E A SÚA INCORPORACIÓN AO LIBRO DE ACTAS DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19054/101.**

Dáse conta da proposta de data 17/04/2023, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 69/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 54/2023, interposto por AMBISER INNOVACIONES SL contra os pregos da contratación dunha subministración das licenzas e equipamento, instalación e posta en marcha, formación e mantemento dos elementos necesarios para posibilitar a xeración dos arquivos audiovisuais, únicos inalterables e certificados das sesións como reflexo literal das deliberacións para a súa incorporación ao libro de actas de Plenos do Concello de Vigo e a súa sinatura electrónica, así como o servizo de asistencia técnica para a produción e realización da gravación audiovisual das sesións plenarias, expediente 19054-101 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por AMBISER INNOVACIONES SL contra os pregos

da contratación dunha subministración das licenzas e equipamento, instalación e posta en marcha, formación e mantemento dos elementos necesarios para posibilitar a xeración dos arquivos audiovisuais, únicos inalterables e certificados das sesións como reflexo literal das deliberacións para a súa incorpo-



## Concello de Vigo

ración ao libro de actas de Plenos do Concello de Vigo e a súa sinatura electrónica, así como o servizo de asistencia técnica para a produción e realización da gravación audiovisual das sesións plenarias, expediente 19054-101 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a

2º.- Dar traslado do expediente aos servizos de Administración Electrónica e Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento da redacción dos Pregos de Prescricións Técnicas e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e establecer e tendo en conta o resolución 69/2023 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(267).-SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22445/333.**

Visto o informe xurídico de data 04/04/2023 e o informe de fiscalización do 14/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/2023, asinado polo técnico do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00€ prevista na partida orzamentaria 34104890004 a favor da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO conta cun equipo de elite na modalidade de ATLETISMO na categoría Liga Nacional de Primeira División Masculina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División Masculina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



## Concello de Vigo

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 34104890004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO para o desenvolvemento do proxecto





## Concello de Vigo

xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20000,00€ a favor da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO co CIF: G36945319 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22445-333. Este crédito é con cargo á partida 34104890004do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22445-333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. JOSE ANGEL SERANTES ARIAS, DNI 35428261G como presidente da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO CIF: G36945319 e enderezo social na Avda. De Portanet,8 – 9ºB (CP 36210), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22445-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División Masculina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ATLETISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 34104890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€ , a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22445-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.



**Concello de Vigo**

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ATLETISMO na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO unha subvención por importe de 20000€ con cargo á partida orzamentaria 34104890004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.



## Concello de Vigo

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo



## Concello de Vigo

tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.





**Concello de Vigo**

**10(268).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22450/333.**

Visto o informe xurídico de data 03/04/2023 e o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023, asinado polo técnico do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22450/333, e atendendo ás observacións detalladas pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Engadiuse na parte expositiva da proposta o seguinte parágrafo:

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 14.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800004 a favor da entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS conta cun equipo de elite na modalidade de

ciclismo na categoría primeira. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría primeira hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "*Municipio*,



## Concello de Vigo

*para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 14.000,00 € a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente



## Concello de Vigo

núm. 22450-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800004 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22450/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22450/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na primeira categoría, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base

orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ciclismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 14.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22450/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.



## Concello de Vigo

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ciclismo na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS unha subvención por importe de 14.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá





## Concello de Vigo

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD

1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## Concello de Vigo

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**11(269).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22446/333.**

Visto o informe xurídico de data 04/04/2023 e o informe de fiscalización do 14/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/2023, asinado polo técnico do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00€ prevista na partida orzamentaria 34104890003 a favor da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO



## Concello de Vigo

CELTA polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA conta cun equipo de elite na modalidade de ATLETISMO na categoría Liga Nacional de Primeira División Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.
- 

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e



## Concello de Vigo

axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 34104890003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia

finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00€ a favor da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA co CIF: G36927689 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22446-333. Este crédito é con cargo á partida 34104890003do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22446-333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Paula Mariño Gonda DNI 77001028H, como presidenta da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA CIF: G36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºb, Vigo (CP 36211), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22446-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio





**Concello de Vigo**

## **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ATLETISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 34104890003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva SUBVENCIÓN CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA .

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento

habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA na tempada deportiva 2022-2023.

**VI.-** Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22446-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA, comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ATLETISMO na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.



## Concello de Vigo

- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA unha subvención por importe de 20000€ con cargo á partida orzamentaria 34104890003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.



## Concello de Vigo

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas

federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e



## Concello de Vigo

imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das

actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

## **12(270).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.**

Visto o informe xurídico do 14/04/2023 e o informe de fiscalización do 17/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación do expediente.** A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2016, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVICIOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, o prego de prescricións técnicas particulares mailo prego de





## Concello de Vigo

cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto.

**2.- Adxudicación.** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815/440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

**3.- Formalización do contrato.** Con data 26 de abril de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., como empresa adxudicataria para a prestación dos servizos de limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, de conformidade co citado acordo de adxudicación, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/04/2017 de continuar coa tramitación do expediente, unha vez resolto o recurso especial en materia de contratación interposto contra a devandita adxudicación.

**4.- Prazo.** O prazo do contrato é de 4 anos a contar dende o 1 de maio de 2017, estando contempladas dúas prorrogas de un ano cada unha.

**5.- Revisións de prezos.** De conformidade coa cláusula 31.1 do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAP), a Xunta de Goberno Local acordou aprobar, tras aplicación dos correspondentes criterios de revisión, as seguintes revisións de prezos do contrato de servizos de Limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo a favor da adxudicataria MANTELNOR LIMPEZAS S.L.U. (CIF B-15.857.220):

- en sesión de 4 de xullo de 2019 aprobou a primeira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2018, resultando un novo prezo anual de **2.831.631,15 euros**, IVE incluído.
- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a segunda revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2019, resultando un novo prezo anual de **2.842.957,67 euros**, IVE incluído.
- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a terceira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2020, resultando un novo prezo anual de **2.854.898,08 euros**, IVE incluído.
- en sesión do 22 de febreiro de 2022 aprobou a cuarta revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2021, resultando un novo prezo anual de **2.860.322,39 euros**, IVE incluído.

### **6.- Prórrogas do contrato:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2021, acordou aprobar a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de maio de 2021 e o 30 de abril de 2022.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de abril de 2022, acordou autorizar a segunda prórroga do contrato para o período comprendido entre o 01 de maio de 2022 e o 30 de abril de 2023.

## **II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:**

1º.- A cláusula 31 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) establece que:

*“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*

*2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

*3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”*

O apartado 3.j) das FEC dispón que:

*“A revisión do prezo do contrato realizarase a partir do primeiro ano da execución do contrato. O coeficiente de revisión do prezo aplicable será o ÍNDICE DO SECTOR DE ACTIVIDADES DE LIMPEZA (incluído no índice de prezos do sector servizos\_IPS, publicado polo INE). Dito coeficiente será de aplicación ao Importe dos custes de execución do contrato (IEM). Este importe será igual o prezo de adxudicación do contrato excluindo do mesmo os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE. O IEM deberá ser especificado polo licitador no orzamento desglosado axuntado co sobre C.”*

Polo tanto, como queira que o contrato se iniciou o 1 de maio de 2017, tendo transcorrido o prazo sinalado no citado apartado 3.J. das FEC, e aprobadas pola Xunta de Goberno Local a primeira, segunda e terceira revisións de prezos, procedería a revisión de prezos para o seguinte período:

**Quinta revisión dende o 1 de maio de 2022.–** Para aplicar ao período de contrato do 1 de maio de 2022 a 30 de abril de 2023.

## **2º.- Cálculos para a revisión de prezos.**

**Índices.-** Para o calculo da revisión téñense en conta os seguintes datos:

Índices de prezos do sector de servizos.

Índice Actividades de Limpeza:

2do trimestre 2021	101,745
3er trimestre 2021	101,831
4to trimestre 2021	102,273
1er trimestre 2022	103,462
2do trimestre 2022	103,670
3er trimestre 2022	103,849

### **Cálculo do IEM**

Oferta:	11.323.180,00 €
IVE	1.965.180,00 €
Importe sen IVE	9.358.000,00 €
Importe anual (sen IVE)	2.339.500,00 €



## Concello de Vigo

Gastos xerais e Beneficio industrial (4,22%)	94.757,30 €
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)	2.244.760,30 €
Valor INEM tras 1ª revisión de prezos (0,03%)	2.245.433,73 €
Valor INEM tras 2ª revisión de prezos (0,40%)	2.254.415,46 €
Valor INEM tras 3ª revisión de prezos (0,42%)	2.263.884,00 €
Valor INEM tras 4ª revisión de prezos (1,89%)	2.268.185,38 €

### **Data de referencia para aplicación do índice (art. 89.4 TRLCSP)**

A revisión de prezos farase respecto da data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de oferta, ou respecto da data en que termine dito prazo de tres meses si a adxudicación se produce con posterioridade.

Fin de presentación ofertas	02/12/2016
Tres meses	02/03/2017
Data de formalización	26/04/2017

## Quinta revisión de prezos

		<b>índices</b>
Data inicial de referencia para <b>5ª revisión</b>	Maio 2021	101,745
Data final de referencia para 5ª revisión	Abril 2022	103,670
Valor diferencial para revisión	$((103,670/101,745)-1)*100$	1,89%
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM) tras a 4ª revisión de prezos		2.268.185,38 €
Incremento do 1,89 %		42.868,70 €
NOVO PREZO (IEM)		2.311.054,08 €
GG+BI (4,22%)		97.526,48 €
Novo Importe anual sen IVE		2.408.580,57 €
IVE (21%)		505.801,92 €
<b>Novo importe anualidade para período 01/05/2022 ata 30/04/2023</b>		<b>2.914.382,48 €</b>
<b>Novo importe mensual</b>		<b>291.438,25 €</b>

**3º.- Atrasos.** En consecuencia co anteriormente exposto existen atrasos nos seguintes importes:

Atrasos quinta revisión de prezos do 1 de maio de 2022 a 31 de marzo de 2023 (9 meses):  
 $(291.438,25 - 286.032,24) \times 9 = 48,654,09$  euros.

## III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS

O artigo 94 do TRLCSP establece que “O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non teñan podido incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do PCAP establece que “o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.”

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da aplicación orzamentaria 3230.227.0000 “Limpeza colexios”.

## IV.- COMPETENCIA E PROPOSTA.

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017), establece na súa Disposición transitoria primeira que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09/03/2018) se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Por razóns temporais son de aplicación a este contrato, adxudicado pola XGL o 3 de febreiro de 2017 e cuxo anuncio de licitación publicouse no DOUE o 26 de outubro do 2016, os



## Concello de Vigo

artigos 89 e seguintes do TRLCSP 3/2011, antes da súa modificación pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en cuxa Disposición transitoria se establece que o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP cuxo expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do Real Decreto de desindexación ao que se refiren os artigos 4.3 e 5 da Lei (03/02/2017) será o previsto nos Pregos correspondentes. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados se se tivese publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, é o órgano competente para adoptar o acordo de revisión de prezos (art. 127 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, e Disposición Adicional segunda. apdo. 3 TRLCSP).

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión na orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable (art. 214 TRLRFL e Disposición Adicional segunda, apdo. 8 TRLCSP).

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2022 a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U con CIF *ESB15857220* como adxudicataria do contrato de *SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO*, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.914.382,48 euros**, IVE incluído, de acordo cos seguintes cálculos:

Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM) tras a 4ª revisión de prezos	2.268.185,38 €
Incremento do 1,89 %	42.868,70 €
NOVO PREZO (IEM)	2.311.054,08 €
GG+BI (4,22%)	97.526,48 €
Novo Importe anual sen IVE	2.408.580,57 €
IVE (21%)	505.801,92 €
<b>Novo importe anualidade para período 01/05/2022 ata 30/04/2023</b>	<b>2.914.382,48 €</b>
<b>Novo importe mensual</b>	<b>291.438,25 €</b>

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza colexios" .

**Segundo.**- Recoñecer en concepto de atrasos polos períodos comprendidos entre o 1 de maio de 2022 a 31 de marzo de 2023 a cantidade total de **48.654,09 euros** a favor de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(271).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS MEMORIAS DE OBRAS E/OU SERVIZOS DE INTERESE SOCIAL E SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2023 (TR351A). EXPTE. 19962/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 17/04/2023, ase conta do informe-proposta do 14/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e a concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 56, do martes, 21 de marzo de 2023, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade vén de publicar a *“ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351A).*

A través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un período de contratación subvencionable que non supere os tres meses dende a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato apra a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. Terán preferencia, en todo caso, as persoas con especiais dificultades de inserción laboral, así como mulleres (preferentemente vítimas de violencia de xénero), menores de 30 anos (con preferencia os demandantes de 1º emprego ou sen cualificación profesional), persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (especialmente perceptoras de Risga), así como as persoas con cargas familiares.
- As persoas traballadoras que fosen contratadas por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.
- A axuda abarca os custos salariais totais por un período de contratación subvencionable que non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral



## Concello de Vigo

- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de abril de 2023.

Trátase dun programa de emprego para persoas traballadoras desempregadas no que as obras ou servizos deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os requisitos do artigo 4 da Orde, dando prioridade aos proxectos que teñan en conta as profesións que favorezan a inserción laboral. Así mesmo, a orde establece unha serie de prioridades sobre os proxectos, que sendo de maior interese xeral e social, se realicen preferentemente nalgunha das actividades contempladas no artigo 11.4.

É por isto que dende o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local se solicitou aos distintos departamentos municipais susceptibles de poder elaborar proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial, cuxas obras ou servizos sexan de interese xeral e social, e que puidesen acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento. Ademais, as obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade destas persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social.

Para o presente ano 2023 e, de resultas da solicitude enviada, o servizo de Igualdade e o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, achegaron memorias, por un importe total de **54.736,99€**, resultando un total de **9** contratacións de persoas desempregadas para traballar naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións das responsables técnicas e concelleiros/as delegados, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o vixente Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, coas táboas salariais actualizadas neste ano 2023.

A subvención autonómica non abranguiría a totalidade dos salarios e custos empresariais segundo o Acordo Marco de aplicación xa que exceden no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, ademais da indemnización por cese, que debería cofinanciar o Concello de Vigo en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención con cargo á Concellería de Emprego. Deste xeito, **51.326,35€** se imputarían con cargo á subvención e **3.410,64€** serían o cofinanciamento municipal con cargo a créditos existentes e dispoñibles do Capítulo 1 do servizo dos orzamentos municipais do 2023.

MEMORIA	PERSONAL	CUSTOS DAS MEMORIAS	IMPORTE IMPUTABLE Á SUBVENCIÓN	IMPORTE COFINANCIAMENTO CONCELLO DE VIGO
COÑECEMENTO DA CIDADE VISIBILIZANDO E RECOBRANDO A HISTORIA DAS MULLERES	1	7.736,88 €	6.600,00 €	1.136,88 €
ARQUIVIGO	8	47.000,11 €	44.726,35 €	2.273,76 €
		<b>54.736,99 €</b>	<b>51.326,35 €</b>	<b>3.410,64 €</b>

No seguinte cadro resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán achegados á convocatoria de axudas e subvencións para o fo-

mento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial, con periodos de contratación de 6 meses e unha xornada do 50%.

**PERIODOS DE CONTRATACIÓN:**

- **IGUALDADE:**
  - 6 meses a media xornada (50%).
- **PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**
  - 6 meses a media xornada (50%).

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- **IGUALDADE:**
  - COÑECEMENTO DA CIDADE VISIBILIZANDO ERECOBRANDO A HISTORIA DAS MULLERES

<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
0,00€	

- **PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
MATERIAIS PARA A OBRA	7.222,88 €	2410 21000000
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	150,00 €	2410 21000000

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe da Intervención Xeral Municipal, dacordo co disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data do 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar as memorias que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I:





## Concello de Vigo

- Igualdade:
  - "Coñecemento da cidade visibilizando e recobrando a historia das mulleres"
- Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local:
  - "ARQVIVIGO"

**SEGUNDO:** Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención por importe de **51.326,35€** para o desenvolvemento das memorias aprobadas, cuxo importe total ascende a **54.736,99€** aplicando o vixente Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007 coas táboas salariais actualizadas neste ano 2023, para a realización dun total de **9** contratacións de persoas desempregadas, de xeito que **3.410,64€** dos custos que exceden no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, se cofinanciarían con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo.

**TERCEIRO:** Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle poidan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

**CUARTO:** Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, Elena Espinosa Mangana, a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:**

MEMORIA	PERSOAL	CUSTOS DAS MEMORIAS	IMPORTE IMPUTABLE Á SUBVENCIÓN	IMPORTE COFINANCIAMENTO CONCELLO DE VIGO
COÑECEMENTO DA CIDADE VISIBILIZANDO E RECOBRANDO A HISTORIA DAS MULLERES	1	7.736,88 €	6.600,00 €	1.136,88 €
ARQVIVIGO	8	47.000,11 €	44.726,35 €	2.273,76 €
		<b>54.736,99 €</b>	<b>51.326,35 €</b>	<b>3.410,64 €</b>

### **IGUALDADE**

- "Coñecemento da cidade visibilizando e recobrando a historia das mulleres"

Nº de contratacións	Categoría	Salario mes	Prorrata Paga extra	Importe bruto mes	Importe bruto mes 1/2 Xornada	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup	% cotización	Cotización de SS empresa	Cotización de SS empresa 1/2Xornada	Custe total Estimado	Custe total estimado 1/2xornada	Total
1	Diplomada	1.665,19 €	277,53 €	1.942,72 €	971,36 €	1.942,72 €	84/a	32,75 %	636,24 €	318,12 €	2.578,96 €	1.289,48 €	7.736,88 €

**SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**

Nº de contratacións	Categoría	Salario mes	Prorrata Paga extra	Importe bruto mes	Importe bruto mes 1/2 jornada	Base de cotización	cnae/Cód. Ocup	% cotización	Cotización de SS empresa	Cotización de SS empresa 1/2 jornada	Custe total estimado	Custe total estimado 1/2 jornada	total
2	Diplomada	1.665,19 €	277,53 €	1.942,72 €	971,36 €	1.942,72 €	84/a	32,75%	636,24 €	318,12 €	2.578,96 €	1.289,48 €	15.473,76 €
6	Auxiliar topografo/auxiliar de arquivos	1.130,89 €	188,48 €	1.319,37 €	659,69 €	1.319,37 €	84/-	32,75%	432,09 €	216,05 €	1.751,46 €	875,73 €	31.526,35 €
Total												<b>47.000,11 €</b>	

**ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:**

• <u>ARQUIVIGO:</u>	<b>Importe</b>	<b>Partida</b>
MATERIAIS PARA A OBRA	7.222,88 €	2410 21000000
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	150,00 €	2410 21000000

**14(272).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA VENDE CON NÓS 2023. EXPTE. 9669/335.**

Visto o informe xurídico do 20/03/2023 e o informe de fiscalización do 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/03/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 23 de febreiro de 2023 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2023.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte e seis grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.



## Concello de Vigo

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 18.000,00 euros, a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para coadruar aos gastos do desenvolvemento do programa "Vente con Nós".

O importe do programa "Vente con Nós" ascende a 23.600,00 euros, correspondendo 16.500,00 euros ás trinta e cinco actuacións de grupos de música e danza, 2.700,00 euros a gastos de recursos humanos, 2.800,00 euros a recursos materiais e 1.600,00 euros a material de difusión. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2023.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 18.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2023.**

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil vintetrés.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Doutra, dona MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ ABALDE con D.N.I. 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9669/335.



## Concello de Vigo

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

**I.-** O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

**IV.-** No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 € (dezaoto mil

euros), a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa “Vente con Nós”.

**IX.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9669/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, o CONCELO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento do programa “**Vente con Nós**”, que acolle un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

a) Participarán grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 35 (trinta e cinco) de duración aproximada de 40 minutos cada unha, para actos organizados pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría música e baile (25 actuacións, 500,00 euros por actuación) e categoría música (10 actuacións, 400,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 16.500,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 23.600,00 euros, 16.500,00 euros correspondentes ás trinta e cinco actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELO copia da póliza, que consta no expediente.



## Concello de Vigo

3º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver.

5º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

6º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*.

7º- Contratar os escenarios, cadeiras e equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para as actuacións.

8º- Contratar os servizos sanitarios (ambulancias) naqueles casos que sexan necesarios.

9º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

10º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

11º- Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto oitavo.

12º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 18.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2023. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES42.2080.5027.2130.4002.2883, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das





## Concello de Vigo

subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 30 de novembro de 2023, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa

debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



## Concello de Vigo

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo noveno.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Vixésimo.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e

para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

**15(273).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR.(ANO 2023-1º) EXP-TE. 102943/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta do 14/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202300003609	9120.2310000	500,00	368,11	11/01/23	21/03/23	11/04/23	131,89	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202300003610	9120.2269900	500,00	294,95	11/01/23	21/03/23	11/04/23	205,05	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202300003611	9120.2200100	800,00	913,50	11/01/23	20/03/23	11/04/23	0,00	113,50
Abalde Comesaña Raquel	202300003612	9120.2260100	2.000,00	1.230,60	11/01/23	04/04/23	11/04/23	769,40	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003977	1320.2200000	200,00	84,70	13/01/23	08/03/23	13/04/23	115,30	0,00



## Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Carballo Acuña Alberto	202300003978	1320.2219900	1.000,00	214,67	13/01/23	17/03/23	13/04/23	785,33	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003979	1320.2120000	1.000,00	0,00	13/01/23	22/03/23	13/04/23	1.000,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003980	1320.2140000	1.000,00	0,00	13/01/23	09/03/23	13/04/23	1.000,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003981	1320.2190000	500,00	21,70	13/01/23	22/03/23	13/04/23	478,30	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202200146903	2310.4810000	687.080,00	674.991,00	16/12/22	09/03/23	16/03/23	12.089,00	0,00
Vega Andión Óscar Miguel	202300009650	9200.2200002	200,00	175,82	02/02/23	16/03/23	02/05/23	24,18	0,00
Vivero Mijares Antonio	202200132950	4310.2269901	20.650,00	16.135,00	13/12/22	25/01/23	13/03/23	4.515,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202300006869	4310.2269901	6.580,00	6.580,00	26/01/23	21/03/23	26/04/23	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202300007060	1320.2250200	150,00	111,40	27/01/23	10/02/23	27/04/23	38,60	0,00
<b>TOTAL</b>			722.160,00	701.121,45				21.152,05	113,50

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
✓		

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

## PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes.

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202300003609	9120.2310000	500,00	368,11	11/01/23	21/03/23	11/04/23	131,89	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202300003610	9120.2269900	500,00	294,95	11/01/23	21/03/23	11/04/23	205,05	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202300003611	9120.2200100	800,00	913,50	11/01/23	20/03/23	11/04/23	0,00	113,50
Abalde Comesaña Raquel	202300003612	9120.2260100	2.000,00	1.230,60	11/01/23	04/04/23	11/04/23	769,40	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003977	1320.2200000	200,00	84,70	13/01/23	08/03/23	13/04/23	115,30	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003978	1320.2219900	1.000,00	214,67	13/01/23	17/03/23	13/04/23	785,33	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003979	1320.2120000	1.000,00	0,00	13/01/23	22/03/23	13/04/23	1.000,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003980	1320.2140000	1.000,00	0,00	13/01/23	09/03/23	13/04/23	1.000,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300003981	1320.2190000	500,00	21,70	13/01/23	22/03/23	13/04/23	478,30	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202200146903	2310.4810000	687.080,00	674.991,00	16/12/22	09/03/23	16/03/23	12.089,00	0,00
Vega Andión Óscar Miguel	202300009650	9200.2200002	200,00	175,82	02/02/23	16/03/23	02/05/23	24,18	0,00
Vivero Mijares Antonio	202200132950	4310.2269901	20.650,00	16.135,00	13/12/22	25/01/23	13/03/23	4.515,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202300006869	4310.2269901	6.580,00	6.580,00	26/01/23	21/03/23	26/04/23	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202300007060	1320.2250200	150,00	111,40	27/01/23	10/02/23	27/04/23	38,60	0,00
<b>TOTAL</b>			722.160,00	701.121,45				21.152,05	113,50

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(274).- COMPRAVENDA DE PARCELA EN ENRIQUE LORENZO 54, PARA USO DE SALA DE LECTURA -BIBLIOTECA. EXPTE. 20984/240.**

Visto o informe xurídico de data 31/03/2023 e o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do inofrme-proposta do 15/03/2023, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 15.11.208, acorda:

*“1.- Aceptar a cesión gratuíta de uso do edificio propiedade da Tesorería Xeral da Seguridade Social, sito no n.º 54 de a rúa Enrique Lorenzo nos termos acordados pola Ministra de Traballo, Migracións e Seguridade social e para destino a Biblioteca Pública.*

*2.- Formalizar a cesión en documento administrativo, procedendo a a súa posterior inscrición no Rexistro de la Propiedade.*

*3.- Dar de alta la cesión, no Inventario Municipal de bienes e dereitos.*

*4.- Notificar o acordo á Tesorería General da Seguridade Social, a Concellería delegada de Patrimonio e á Concellería delegada de Educación, para o seu coñecemento e aos efectos que procedan.”*

II.- En data 26.11.2018, formalizouse o acordo de cesión, polo que o Concello de Vigo incorpora ao seu patrimonio o dereito a usar o edificio do n.º 54 da rúa Enrique Lorenzo, propiedade da Tesouraría da Seguridade Social, sen ter que satisfacer renda alguna, debendo facerse cargo dos gastos de acondicionamento, instalación, conservación, mantemento e demais gastos e impostos, así como os de formalización no documentou pertinente e gastos rexistrais que se ocasionaren.

III.- En outubro de 2019 o arquitecto redactor do proxecto de obras informa que o inmovible se atopa en situación de ruína, polo que proceden a redactar proxecto de demolición do edificio e construción doutro mais actual para uso de sala de lectura de dúas plantas.

IV.- En data 19.01.2022, a concelleira de Patrimonio acorda iniciar expediente de modificación do convenio suscrito en data 26 de novembro de 2018 entre o Concello de Vigo e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social polo cal ésta cede ao primeiro o uso do inmovible sito na rúa Enrique Lorenzo 54 de Vigo, coa finalidade de autorizar e executar as obras de derruba do inmovible existente e construción dun novo edificio sobre a citada leira para uso de Sala de lecturas, eventos, conferencias, exposicións e oficiar á Tesouraría da Seguridade Social aos efectos de que o máis axiña posible mostre a súa conformidade, o inicio de expediente xunto coa memoria justificativa para redactar unha modificación do convenio que permita ao Concello de Vigo realizar as obras de construción do novo edificio na rúa Enrique Lorenzo

V.- En data 31.05.2022, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, presenta oficio no considera, entre outros, procedente a venda do inmovible, poidéndose levarse a cabo por alleamento directo, ao ser o adquirente outra Administración Pública, de conformidade co previsto no artigo 15.3.a) do Real Decreto 1221/1992, de 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.

VI.- O enxeñeiro da edificación emite informe técnico pericial de valoración da finca, que ten a seguinte descrición segundo nota simple do Rexistro da Propiedade: edificio sito n.º 54 da rúa Enrique Lorenzo desta cidade de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, e inscrito no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo como finca rexistral n.º 19550, tomo 1807, libro 858, folio 1, inscrición 2ª, informe no que conclúe que *“(…)o valor total da parcela na súa totalidade e libre de edificación resulta un valor catastral de 71.469,82 €uros y un valor de mercado no entorno de 199.662,57 €. Valor este último que tendo en conta as variacións de mercado poderíase considerar con unha oscilación de máis menos dun entorno de un 7,50%.*

VII.- En data 23 de xuño de 2022, a Concellería delegada da Área de Patrimonio acorda iniciar expediente para a adquisición por medio de compraventa da parcela do número 54 da rúa Enrique Lorenzo para construír unha biblioteca municipal.

**VIII.-** En data 10.08.2022 o subdirector xeral de Xestión de Patrimonio da TXSS, remite oficio no que se acepta o prezo ofertado polo inmovible por parte do Concello, 199.662,57 € (CIENTO NOVENTA Y NUEVE MIL SEISCIENTOS SESENTA Y DOS EUROS CON CINCUENTA Y SIETE,CÉNTIMOS) e se lle require ao Concello de Vigo para presentar certa documentación no prazo de 15 días,no que interesa,“...3º Resguardo acreditativo de haber depositado el 25% del precio de compra en concepto de fianza, es decir 49.915,64 € (CUARENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS Y SESENTA Y CUATRO CÉNTIMOS), en la cuenta de Recursos Diversos de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social, indicando en todo caso el IBAN correspondiente, o en la Caja General de Depósitos o en sus sucursales a disposición de la Tesorería General de la Seguridad Social”

**IX.-** En data 14.06.2022 a Xunta de Goberno local acorda:

*“Primeiro.-Prestar conformidade á oferta formulada pola Subdirección xeral de Xestión do Patrimonio do Ministerio de Inclusión, Seguriade Social e Migracións, para adquirir o inmovible propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social sito no número 54 da rúa Enrique Lorenzo de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, en réxime de compravenda polo procedemento de adjudicación directa nas condicións que de seguido se indican:*

*1.- O Concello de Vigo, con CIF P3605700H, acepta o prezo ofertado, 199.662,57 € (CIENTO NOVENTA Y NUEVE MIL SEISCIENTOS SESENTA Y DOS EUROS CON CINCUENTA Y SIETE,CÉNTIMOS), en tanto se corresponde coa taxación realizada polo enxeñeiro da edificación do Concello de Vigo.*

*2.--Tódolos gastos que se orixinen con motivo desta transmisión serán de conta do Concello e os impostos abonaránse según lei.*

*-Aparte vendedora se reserva o dereito a repercutir á parte compradora o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) correspondente ao exercicio en que se produce a transmisión da propiedade, en proporción ao tempo en que cada unha das partes teña ostentado a titularidade dominical do inmovible.*

*- O inmovible véndese como corpo certo e no seu estado actual de conservación polo que o comprador o coñece e acepta a situación actual existente, de edificación, urbanística e registral, do ben inmovible. Segundo.- Autorizar o gasto con cargo á partida 93420.600.00.00 do orzamento vixente por importe de 49.915,64 € (CUARENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS Y SESENTA Y CUATRO CÉNTIMOS), en concepto de depósito do 25% do prezo de compra do inmovible de Enrique Lorenzo 54 de Vigo, debendo proceder Tesorería municipal a ingresar este importe na conta de Recursos Diversos da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, IBAN ES39 0049 0031 7222 1191 0042, ou na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais a disposición da Tesorería Xeral da Seguridade Social, remitindo xustificante á Concellería de patrimonio.*

*Terceiro.- Remitir á Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, xunto xustificante da transferencia, certificación acreditativa de encontrarse o Concello de Vigo ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*Cuarto.- Recabar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social contrato de compravenda do inmovible para ser no seu caso autorizado pola Xunta de Goberno local.*

**X.-** En data 6 de marzo de 2023, a Subdirección xeral de Xestión do Patrimonio remite autorización do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións pola que acorda a





## Concello de Vigo

enaxenación por adxudicación directa a prol do Concello do adjudicación directa al Ayuntamiento de Vigo do inmoble propiedade da Tesorería Xerla da Seguridade Social do número 54 da rúa Enrique Lorenzo.

### FUNDAMENTOS

#### I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do sector público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas (art. 7,3, 19, 37, 111, 114, 115 e seguintes).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (arts. 1,22, 47 e 127 LR-BRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RD 1221/1992, de 9 de outubro, sobre Patrimonio da Seguridade social
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións lexisladas vixentes en materia de réxime local ( artigos 74 e seguintes TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (artigos 11 e ss RBEL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Código civil
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2023

#### II.-Parcela a adquirir

Obxecto do contrato.-

a) A parcela a adquirir é a seguinte:

- Urbá. Edificio destinado a ambulatorio da Seguridade Social, sito na rúa Espiñeiro sen número, con volta á rúa “D”, da parroquia de Teis, municipio de Viog, composto de tres plantas e semisoto, con estrutura metálica, peches de fachada con pedra granítica do país, cámara de aire de illamento con paneis ríxidos de vigrofib e tabiques de trasdós, carpintería exterior dobre de aluminio e interior de madeira, forrados en espera con elementos plásticos; alicatados en salas de espera, aseos e consultas. Solado de terrazo prefabricado e pulido en obra. Ten instalación completa de auga fría e quente, calefacción e ventilación por aire; red eléctrica de alumeado e forza. O resto de paramentos non chapados se teñen tratado con pinturas especiais. Ocupa o edificio no solar, únicamente douscentos vintaeun metros trinta e cinco centímetros cadrados, e a superficie total do edificio, tres plantas e semisoto, novecentos dez metros, sesenta e oito decímetros cadrados, e co terreo que lle es inherente, afectado en parte pola rúa Espiñeiro, e rúa “D”, forma unha soa finca, da superficie de trescentos cinco metros sesenta e oito decímetros cadrados. Linda: ao sur ou frente, en liña de dezaioito metros vintaeinco centímetros coa rúa da súa situación, norte ou espalda, noutra liña igual, de dezaioito metros vintaeinco centímetros, vivendas de funcionarios do Instituto Nacional de Previsión, antes parcela ou horta do Instituto; leste ou dereita entrando, en liña de

dezaseis metros setenta e cinco centímetros, rúa D da urbanización da zona, e oeste ou esquerda entrando, en liña de dezaseis metros setenta e cinco centímetros, edificio do Instituto Nacional de Previsión.

- referencia catastral: 4778207NG2747N0001IP
  - -título: adxudicación "ope legis"
  - Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo como finca rexistral n.º 19550, tomo 1807, libro 858, folio 1, inscrición 2ª.
  - Superficie da parcela, segundo título: trescentos cinco metros sesenta e oito decímetros cadrados (305,68 m2)
  - Estado da finca: edificación en ruína económica e urbanística
  - Cargas: non constan
  - b) Outra información
- Tamén consta a seguinte información no expediente: referencia catastral do inmovible, nota simple do rexistro da propiedade núm. 2 dos de Vigo, informe técnico de 14 de xaneiro de 2022 no que se xustifica a necesidade de executar obras de derruba do inmovible non autorizadas no acordo de cesión de uso do inmovible de data 26.11.2018, así como taxación do mesmo de data 22.04.2022, realizada polo enxeñeiro técnico da edificación e xustificante do aboamento do depósito do 25 % do prezo de compra do inmovible .

### **III.- Natureza xurídica e orde xurisdiccional competente**

Trátase dun contrato privado da administración tal e como establece o artigo 4.1.p do TRLCSP, excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos e rexerese pola lexislación patrimonial. Estamos ante un negocio xurídico de carácter patrimonial, excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, polo seu artigo 9.2, segundo o cal «quedan, asímesmo, excluídos da presente Lei os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento y demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmovibles, valores negociables e propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de ordenador e deban ser cualificados como contratos de subministro ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial».

O art. 19 da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable con carácter supletorio ás entidades locais establécese que «as adquisicións de bens e dereitos a título oneroso e de carácter voluntario rexeranse polas disposicións desta lei e supletoriamente polas normas do dereito privado, civil ou mercantil»

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan nestes contratos. No entanto consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación e poderán ser impugnados na orde xurisdiccional contencioso administrativo (artigo 110.3 da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, de aplicación xeral).

Os efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado, que resulten de aplicación.

A Xunta consultiva de contratación no Informe 25/2008, de 29 de xaneiro de 2009, fixa o réxime xurídico aplicable aos procedementos e formas de adxudicación dos contratos patrimoniais celebrados polas entidades locais, sinalando que se rexerán pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local, pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das Administracións Públicas, pola lexislación que no ámbito das súas competencias diten as Comunidades Autónomas e en defecto de tales normas pola lexislación estatal non básica en materia de réxime local e bens públicos, así como polas ordenanzas propias de cada entidade e,



## Concello de Vigo

supletoriamente, polas restantes normas dos ordenamentos xurídicos, administrativo e civil, sinaladamente, ao abeiro do parágrafo 2 do artigo 4 da Lei de Contratos do Sector Público, os principios desta última lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poideran presentar.

### IV.- Procedemento

No artigo 11.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispónse que para a adquisición de bens por parte da administración a título oneroso téñense que cumprir os requisitos que establece a normativa sobre contratación.

Agora ben, este precepto é anterior á LCSP e, polo tanto, responde a un réxime xurídico que na actualidade xa non esta vixente. Xa que logo, ao non ser aplicable a partires da nova lei o art. 11 do RBEL, e mentres non se dite normativa concreta, haberase de aplicar supletoriamente as disposicións do capítulo V do Título V da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do artigo 9.2 da mesma Lei 9/2017, de Contratos do sector público, que exclúe da lexislación de contratos ás compravendas, en tanto que contratos privados que se regulan pola lexislación específica patrimonial.

Especificamente, o art. 116 LPAP no seu apartado 4 prevé a adxudicación directa como procedemento de adquisición de bens inmobles atendendo ás peculiaridades das necesidades a satisfacer ou pola especial idoneidade do ben para o cumprimento dos fins do Concello, como é o caso, pois a necesidade é adquirir a parcela para a construción dun novo edificio para uso de Sala de lecturas, eventos, conferencias, exposicións.

### V.- Expediente completo

O expediente de adquisición contén os documentos necesarios referidos no artigo 116.3 LPAP, agás o informe da Asesoría xurídica que se recaba neste tempo: memoria na que se xustifica a necesidade ou conveniencia da adquisición, o fin ao que se pretenden destinar os inmobles e procedemento de adxudicación que se proponga seguir; e tasación dos bens.

### Órgano competente

É competente para a sinatura do contrato, a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, núm 11 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aceptar a oferta formulada pola Subdirección xeneral de Xestión do Patrimonio do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para adquirir o inmovible propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social sito no número 54 da rúa Enrique Lorenzo de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, e xa que logo aprobar a adquisición do indicado inmovible en réxime de compravenda polo procedemento de adxudicación directa nas condicións que de seguido se indican

#### **Obxecto.**

*1º A oferta ten por obxecto a venda do finca sita no número 54 da rúa Enrique Lorenzo de Vigo que se describe así,*

- *Urbá. Edificio destinado a ambulatorio da Seguridade Social, sito na rúa Espiñeiro sen número, con volta á rúa "D", da parroquia de Teis, municipio de Viog, composto de tres plantas e semisoto, con estrutura metálica, peches de fachada con pedra granítica do país, cámara de aire de illamento con paneis ríxidos de vigrofib e tabiques de trasdós, carpintería exterior dobre de aluminio e interior de madeira, forrados en espera con*

elementos plásticos; alicatados en salas de espera, aseos e consultas. Solado de terrazo prefabricado e pulido en obra. Ten instalación completa de auga fría e quente, calefacción e ventilación por aire; red eléctrica de alumeado e forza. O resto de paramentos non chapados se teñen tratado con pinturas especiais. Ocupa o edificado no solar, únicamente douscentos vintaeun metros trinta e cinco centímetros cadrados, e a superficie total do edificado, tres plantas e semisoto, novecentos dez metros, sesenta e oito decímetros cadrados, e co terreo que lle es inherente, afectado en parte pola rúa Espiñeiro, e rúa "D", forma unha soa finca, da superficie de trescentos cinco metros sesenta e oito decímetros cadrados. Linda: ao sur ou frente, en liña de dezaioito metros vintaecinco centímetros coa rúa da súa situación, norte ou espalda, noutra liña igual, de dezaioito metros vintaecinco centímetros, vivendas de funcionarios do Instituto Nacional de Previsión, antes parcela ou horta do Instituto; leste ou dereita entrando, en liña de dezaseis metros setenta e cinco centímetros, rúa D da urbanización da zona, e oeste ou esquerda entrando, en liña de dezaseis metros setenta e cinco centímetros, edificio do Instituto Nacional de Previsión.

- Referencia catastral: 4778207NG2747N0001IP
- Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo como finca rexistral n.º 19550, tomo 1807, libro 858, folio 1, inscripción 2ª.
- Superficie da parcela, segundo título: trescentos cinco metros sesenta e oito decímetros cadrados (305,68 m<sup>2</sup>)
- Estado da finca: edificación en ruína económica e urbanística
- Cargas: non constan

#### **Prezo do inmovible.**

O prezo fixado para la compraventa es de 199.662,57 € (CENTO NOVENTA Y NUEVE MIL SEISCENTOS SESENTA e DOS EUROS CON CINCONTA E SETE CÉNTIMOS).

#### **Forma de pagamento e outros gastos**

O concello de Vigo ten depositada a cuarta parte do prezo, esto é, 49.915,64 € (CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS) a prol da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. O resto do prezo 149.746,93 € (CENTO CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CENTÍMOS) pagarase na súa totalidade no acto de firma da escritura de compravenda.

Os impostos que se orixinen con ocasión do outorgamento de escritura serán satisfeitos integramente polas partes con arranxo á Lei e os gastos que se orixinen abonanarse pola parte compradora.

#### **Formalización do contrato**

A compravenda formalizarase en escritura pública, dentro do prazo de vixencia da presente oferta.

#### **Obrigas das partes**

- A ofertante estará obrigada ao estrito cumprimento das obrigacións establecidas neste documento así como ás demais que lles correspondan na lexislación vixente.
- As partes comprométese a outorgar escritura pública dentro do prazo de dous meses dende a notificación do acordo de adquisición do inmovible ofrecido e a pór a disposición do Concello a referida finca que se entregará libre de cargas e gravames



## Concello de Vigo

- O Concello comprométese a realizar o pagamento na forma prevista na presente oferta de venda.
- Unha e outra parte responden reciprocamente dos dereitos e deberes naturais e xurídicos derivados do contrato de compravenda.

### **Natureza e xurisdición**

A presente oferta ten natureza xurídico-privada, e rexerese pola lexislación patrimonial.

Corresponde aos órganos da Orde Xurisdicional Civil o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes. No entanto, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a Orde Xurisdicional Contencioso-administrativa de acordo coa normativa reguladora de devandita xurisdición, tal e como establece o artigo 110.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Os efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado.

Para cantas cuestións e litixios que poidan derivarse deste contrato, as partes sométense á xurisdición civil dos Tribunais de Vigo, con renuncia expresa de calquera outro foro e domicilio que en dereito puidera corresponderlles.

**Segundo.-** Autorizar o gasto con cargo á partida 9330.6320062 do orzamento vixente por importe de **149.746,93 €** (CENTO CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CENTÍMOS) en concepto de prezo restante tralos depósito do 25% do prezo de compra do inmovible de Enrique Lorenzo 54 de Vigo ingresado na conta de Recursos Diversos da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra

**Terceiro.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Fomento e de Xestión municipal aos efectos de publicidade e proceder a súa comunicación ao Consello de Contas, así como á Subdirección xeral de Xestión do Patrimonio do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(275).- NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS TÉCNICAS DE XESTIÓN POR EXECUCIÓN DO PROGRAMA TEMPORAL “XESTIÓN DE AXUDAS NEXT GENERATION” DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E VÍAS E OBRAS. EXPTE. 38903/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021 adoptou acordo aprobando o programa “Xestión das axudas do programa next generation UE” (Expte 1058-441), que consta anexado ao expediente, e declara a urxencia do nomeamento de funcionarios interinos para execución do mesmo, entre outros, 2 técnicas/os de xestión de programas europeos, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un prazo máximo de tres anos establecendo como data de finalización de ditos nomeamentos o 27/01/2025.

II.- Mediante escrito que obra unido ao expediente de data 07/03/2023, polo técnico de administración xeral do servizo e conformado polo concelleiro delegado competente, solicítase á área de Recursos Humanos e Formación a cobertura urxente de 2 técnicas/os de xestión de programas europeos para completar o persoal autorizado para o desenvolvemento do programa “Xestión das axudas do programa next generation UE” das listas de reserva da categoría de técnica/o media/o en relacións laborais, posto con analoxía en titulación e en funcións para a execución de dito programa (Expte1637/441).

III.- A vista da petición formulada, en data 15/03/2023, relativa ao antecedente I, a concelleira delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal dispuxo *“ordear que pola área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación urxente do expediente administrativo, para que, polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, na modalidade oportuna.”*

IV.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 23/03/2023, existen candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

V.- Consta no expediente informe técnico, de data 30/03/2023, da cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interino de dous técnicas/os de xestión pola execución de programa de carácter temporal( artigo 10.1, letra c) do TREBEP).

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:



## Concello de Vigo

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

## II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto” (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá a data de finalización dos nomeamentos 27/01/2025, sen dereito a compensación algunha.**

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto tómase conforme ao posto de traballo de técnica/o de xestión (código retributivo 179).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**





## Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación de data 23/03/2023, consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 38.903/220 infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino pola execución dun programa temporal (art. 10.1.c) TREBEP) de dous técnicas/os de xestión de programas europeos, non existindo listas desta categoría, recórrese a lista de reserva de técnicas/os medias/os en relacións laborais aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 28/04/2022 con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os, procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- Constan no expediente administrativo as renuncias manifestadas mediante escrito das/os seguintes candidatas/os: A. Fernández Portas con DNI núm. \*\*\*2197\*\* e E. Padín Marino con DNI \*\*\*0365\*\*.*

- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnicas/os de xestión de programas europeos, aos candidatas/os que se relacionan a continuación e presentaron a documentación requirida para o efecto:*



## Concello de Vigo

<b>Categoría: Técnica/o de xestión</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>1</b>	***7547**	A. L. Graña Diéguez
<b>2</b>	***7637**	M. M. Méndez Puga

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia.”

### VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente en data 30/03/2023: “En relación coa cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interinos de dous técnicas/os de xestión pola execución do programa de carácter temporal “Xestión das axudas do programa next generation UE” (expte. 1058-441), finalizando os nomeamentos o 27/01/2025, infórmase que o custo de iniciarse a relación o 17 de abril de 2023, sería o seguinte:

		<b>N.º EFECTIVOS</b>	<b>RETRI.FIXAS</b>	<b>SEG.SOC.</b>
2023	17/04/23 a 31/12/2023	2	60.041,15	19.963,68
2024	12 meses	2	81.464,13	27.086,82
2025	01/01 a 27/01/2025	2	6.684,45	2.222,58
	<b>TOTAL CUSTO</b>		148.189,73	49.273,09

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 60.041,15 €, por importe de 81.464,13 € para o 2024 e 6.684,45 € para 2025; e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 19.963,68 € ; de 27.086,82 € para o 2024 e de 2.222,58 € para o 2025.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2024 e 2025 aplicouse un incremento do 2,5%.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## **VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 2 técnicas/os de xestión.
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: Área de Servizos Xerais e Vías e Obras.
- Período temporal: Prazo máximo ata o 27/01/2025, sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3 letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 30/03/2023 :



## Concello de Vigo

“En relación coa cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interinos de dous técnicas/os de xestión pola execución do programa de carácter temporal “Xestión das axudas do programa next generation UE” (expte. 1058-441), finalizando os nomeamentos o 27/01/2025, infórmase que o custo de iniciarse a relación o 17 de abril de 2023, sería o seguinte:

		<b>N.º EFECTIVOS</b>	<b>RETRI.FIXAS</b>	<b>SEG.SOC.</b>
2023	17/04/23 a 31/12/2023	2	60.041,15	19.963,68
2024	12 meses	2	81.464,13	27.086,82
2025	01/01 a 27/01/2025	2	6.684,45	2.222,58
	<b>TOTAL CUSTO</b>		148.189,73	49.273,09

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 60.041,15 €, por importe de 81.464,13 € para o 2024 e 6.684,45 € para 2025; e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 19.963,68 € ; de 27.086,82 € para o 2024 e de 2.222,58 € para o 2025.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2024 e 2025 aplícase un incremento do 2,5%.”

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os por execución de programa temporal “Xestión das axudas do programa next generation UE”, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como técnicas/os de xestión aos candidatas/os: A. L. Graña Diéguez con DNI \*\*\*7547\*\* e M. M. Méndez Puga con DNI \*\*\*7637\*\*, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de

traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos funcionarias/os interinas/os nomeadas/os, á xefatura da Área de servizos xerais e vías e obras, Intervención Xeral Municipal, persoal integrado no Grupo II da Área de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(276).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS NOVEMBRO 2022-NOVEMBRO 2023. EXPTE. 4832/330.**

Visto o informe xurídico de data 29/03/2023 e o informe de fiscalización do 13/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/03/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 25 de xaneiro do 2023, a “Fundación Coral Casablanca” presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante o exercicio 2023; por este motivo, con data 27 de xaneiro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 27.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro, dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.



## Concello de Vigo

### PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA NOVEMBRO 2022 A NOVEMBRO DO 2023:

	<b>DÍA</b>	<b>HORA</b>	<b>LUGAR</b>	<b>INFORMACIÓN</b>
1	16/12/2022	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Navidad - Coros Casablanca
2	17/12/2022	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Navidad-Coral Casablanca y Orquesta
3	28/03/2023	12.00	Concatedral - Vigo	Misa Reconquista - Coral Casablanca
4	28/04/2023	20.30	Salón Noble Náutico - Vigo	Componentes de Honor - Coral
5	27/05/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Primavera - Coral Casablanca
6	17/06/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Benéfico 3 Asoc.a determinar-Coral
7	08/07/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Homenaje a socios - Coral Casablanca
8	06/08/2023	12.00	Concatedral - Vigo	Misa Cristo - Coral Casablanca
9	22/09/2023	20.30	Salón Noble Náutico - Vigo	Coro Juvenil de la Coral Casablanca
10	14/10/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Homenaje a socios - Coral Casablanca

### Ensayos de la Coral Nov.2022 a Nov.2023

<b>MES</b>	<b>NÚMERO</b>
NOVIEMBRE 2022	22
DICIEMBRE 2022	25
ENERO 2023	22
FEBRERO 2023	20
MARZO 2023	22
ABRIL 2023	23
MAYO 2023	25
JUNIO 2023	21
JULIO 2023	15
AGOSTO 2023	0
SEPTIEMBRE 2023	22
OCTUBRE 2023	23

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 68.500 € (SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 27.500 €

- Socios: 21.500 €
- Donacións: 19.500 €
- Ingresos por taquilla: 3.500 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 08.03.2023

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos a realizar durante o exercicio 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de





## Concello de Vigo

Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos a realizar durante a temporada novembro 2022- novembro 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 27.500 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 27.500 € (vinteseite mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G-27753771, para o financiamento do programa de concertos 2022-2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “CONVENIO CORAL CASABLANCA. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2022-2023”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2022-2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020 , 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Pontevedra, 6, 6º C, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**



## Concello de Vigo

*I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA** é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor do **CONVENIO CORAL CASABLANCA**, a cantidade de 27.500 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2022-2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 68.500 € (SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 27.500 €
- Socios: 21.500 €

- Donacións: 19.500 €
- Ingresos por taquilla: 3.500 €

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

#### LISTADO DE CONCERTOS A CELEBRAR NO PERÍODO NOVEMBRO 2022 A NOVEMBRO 2023

	<b>DÍA</b>	<b>HORA</b>	<b>LUGAR</b>	<b>INFORMACIÓN</b>
1	16/12/2022	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Navidad - Coros Casablanca
2	17/12/2022	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Navidad-Coral Casablanca y Orquesta
3	28/03/2023	12.00	Concatedral - Vigo	Misa Reconquista - Coral Casablanca
4	28/04/2023	20.30	Salón Noble Náutico - Vigo	Componentes de Honor - Coral
5	27/05/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Primavera - Coral Casablanca
6	17/06/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Benéfico 3 Asoc.a determinar-Coral
7	08/07/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Homenaje a socios - Coral Casablanca
8	06/08/2023	12.00	Concatedral - Vigo	Misa Cristo - Coral Casablanca
9	22/09/2023	20.30	Salón Noble Náutico - Vigo	Coro Juvenil de la Coral Casablanca
10	14/10/2023	20.30	Teatro García Barbón - Vigo	Homenaje a socios - Coral Casablanca



**Concello de Vigo**

## Ensayos de la Coral Nov.2022 a Nov.2023

MES	NÚMERO
NOVIEMBRE 2022	22
DICIEMBRE 2022	25
ENERO 2023	22
FEBRERO 2023	20
MARZO 2023	22
ABRIL 2023	23
MAYO 2023	25
JUNIO 2023	21
JULIO 2023	15
AGOSTO 2023	0
SEPTIEMBRE 2023	22
OCTUBRE 2023	23

6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento semestral do seguro de responsabilidade civil.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (27.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.



## Concello de Vigo

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Econo-

mía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento a realizar no mes de xullo e que se tramitará previa solicitude, na que se aboarán os gastos correspondentes as actividades efectuadas e xustificadas até o 30 de xuño de 2023.

b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades realizadas e xustificadas entre o 1 de xullo e o 12 de novembro do 2023. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de novembro do 2023.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.





## Concello de Vigo

- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2022 e o 12 de novembro do 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## ORZAMENTO 2023

# PRESUPUESTO DE INGRESOS Y GASTOS 2023

<u>INGRESOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>GASTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
Remesas Socios	21.500,00 €	Pago Facturas	17.404,00 €
Donaciones	19.500,00 €	Seg. Social e IRPF	16.428,00 €
Org. Públicos	27.500,00 €	Nóminas	34.668,00 €
Ingresos por taquilla	3,500,00 €	Gastos Orquesta	3,400,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>68.500,00 €</b>	<b>TOTAL</b>	<b>68.500,00 €</b>

**19(277).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2023. EXPTE. 4873/330.**

Visto o informe xurídico de data 29/03/2023 e o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 03/03/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 28 de febreiro do 2023, a asociación “Cineclubes Lumière Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2023; por este motivo, con data 1 de marzo do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

A entidade “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.



## Concello de Vigo

### PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2022 ao 10 de novembro do 2023, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.532,70 € (VINTE MIL CINCOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.559 €
- Venda entradas: 4.710 €
- Publicidade: 263,70 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil no período subvencionable.
- Escrito de aceptación do texto do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 03.03.2023)

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Cine Clube Lumiere Vigo", para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2023 obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Cine Clube Lumiere Vigo” ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a “Cine Clube Lumiere Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte



**Concello de Vigo**

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á entidade “Cineclube Lumiere Vigo”, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 “CONVENIO CINE LUMIERE”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumiere que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2023”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020 , 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación “Cineclube Lumiere Vigo” (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

## MANIFESTAN

*I.- Que “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, como medio que é de promover o cine en versión orixinal na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da programación do cine en versión orixinal para o exercicio 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.532,70 € (VINTE MIL CINCOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:





## Concello de Vigo

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 5.559 €
- Venda entradas: 4.710 €
- Publicidade: 263,70 €

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

As proxeccións serán todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2022 ao 10 de novembro do 2023, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido A ENTIDADE achega copia do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na



## Concello de Vigo

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xullo do 2023, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao programa executado ata o 30 de xuño do 2023

- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe restante, comprendido entre o 1 de xullo e o 12 de novembro do 2023. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de novembro do 2023.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Deberán atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - 1.- Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - 2.- Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - 3.- Memoria de prensa.
  - 4.- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - 5.- Reportaxe fotográfica.



## Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2022 e o 12 de novembro do 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**



## Concello de Vigo

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.





**Concello de Vigo**

## ORZAMENTO 2023

<b>GASTOS</b>	
CONCEPTO	
Aluguer de películas	7.725, 23 Euros
Aluguer de oficina	2.501, 42 Euros
Portes	321, 90 Euros
Organización, xestión e gastos de oficina	9.984, 15 Euros
<b>TOTAL</b>	<b>20.532, 70 Euros</b>

<b>INGRESOS</b>	
Cotas de socios e colaboradores	5.559,00 Euros
Venda de entradas	4.710,00Euros
Publicidade	263,70 Euros
Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros
<b>TOTAL</b>	<b>20.532, 70 Euros</b>



### **20(278).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO “EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO” E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1403/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/04/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 10 de outubro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Extensión do mallado da rede de abastecemento do concello** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Extensión do mallado da rede de abastecemento do concello**.

**IV.-** Con data 3 de abril de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMIENTO DO CONCELLO**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación antes de IVE de SETECENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (727.694,55 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 01/03/2023.

**V.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC	12.230,16 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC	12.230,16 €
Coordinación de seguridade e saúde	D. Luis Piñeiro Iglesias. SEGURINCO	3.057,54 €
	SUMA	27.517,86 €
	11% Gastos de Xestión	3.026,96 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.544,82 €

**VI.-** A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en datas 3 e 11 de abril de 2023, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en



## Concello de Vigo

consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.-** Con datas 3 e 10 de abril de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e infraestruturas emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación antes de IVE de SETECENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (727.694,55 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 01/03/2023.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO** por un importe de 30.544,82 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC	12.230,16 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC	12.230,16 €
Coordinación de seguridade e saúde	D. Luis Piñeiro Iglesias. SEGURINCO	3.057,54 €
	SUMA	27.517,86 €
	11% Gastos de Xestión	3.026,96 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.544,82 €

**Terceiro.-** Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e D<sup>a</sup> Cristina Tapias Bouso.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **21(279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I”. EXPTE. 1494/441.**

Visto o informe xurídico de data 29/03/2023 e o informe de fiscalización do 14/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14.08.2019, resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para “redacción do proxecto para a mellora e reordenación de espazos do Parque Nelson Mandela no Concello de Vigo” a favor de Galaicontrol S.L.

II.- A empresa Galaicontrol SL. trala fase de supervisión do borrador, presenta proxecto de “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I” redactado pola redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00€), de data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022.

; Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 09.11.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 9 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18.11.2022 aprobou o proxecto de “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00 €), de data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022 (exp 5768/443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 18.11.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.768-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Técnico de Administración Xeral, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de datas 19 e 21 de novembro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21 de novembro de 2023..
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 14 e 15 de febreiro de 2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 23 de febreiro de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 23 de novembro de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 2 de marzo de 2023.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de marzo de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de marzo de 2023.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.11.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I**” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. Mª Trinidad López Rodríguez.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 260.330,58 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1710.619.00.63 (MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.500.000,00 €
------	----------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(280).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”. EXPTE. 1571/441.**

Visto o informe xurídico de data 30/03/2023 e o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- Por parte da Concellería de Deportes remítese para a súa tramitación, proxecto de “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 20.09.2022, en vista do informe-proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 21 de novembro de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 22 e 23 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de xaneiro de 2023 aprobou o proxecto “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €), con data da sinatura dixital 9 de novembro de 2022. (Expte. 5725-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 05.01.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.725-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de datas 24 e 25 de xaneiro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de xaneiro de 2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 14 e 15 de febreiro de 2023.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en datas 15 de febreiro de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 1 de marzo de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data s 1 e 2 de marzo de 2023.





## Concello de Vigo

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 29 de marzo de 2023.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.11.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 29 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 119.139,02 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6230015 (Deshumectadores, Eq. prod.E. Térmica, Bomba calor, conduc. Luminarias, Compl.TravesasT), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	600.000,00 €
2024	86.467,68 €
<b>TOTAL</b>	<b>686.467,68 €</b>

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**23(281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE COIA”. EXPTE. 1592/441.**

Visto o informe xurídico de data 29/03/2023 e o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- Por parte da Concellería de Deportes remítese para a súa tramitación, proxecto de “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA”, redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 27.10.2022, en vista do informe-proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 21 de novembro de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 21 e 22 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24 de novembro de 2022 aprobou o proxecto “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA” redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO SESENTA E TRES MIL VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (163.027,83 EUROS), con data maio 2022 e con sinatura dixital de data 26/05/22. (Expte. 5771-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24.11.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.771-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 9 de febreiro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15 de febreiro de 2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en datas 15 de febreiro de 2023.

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 1 de marzo de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data s 1 e 2 de marzo de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.11.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA”** redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SESENTA E TRES MIL VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (163.027,83 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 28.294,09 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320011 (Invest. Mellora. Instal. deportivas e vestiario) segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	163.027,83 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(282).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A UBICACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA ESTATAL DE VIGO. EXPTE. 18662/411.**

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado pola técnica de Planeamento e Desenvolvemento e Xestión, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, consistente na tramitación do «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo polo equipo redactor “Pereiro Arquitectos, SLP”, con data do 18.11.2022- (Doc. Núm. 220287223 e COD.SOL.: W795759-4434, actualizada e refundida que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital para a aprobación inicial do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte Informe con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

#### **I.- Antecedentes e Feitos**

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de

Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas (Modificación puntual núm. 15).

O citado e vixente PXOU-93, cualificou o ámbito de actuación en solo urbano, coa ordenanza 4.5 de outras institución (Modificación puntual núm. 15 do PXOU de 1993) e en parte como solo urbano remitido ao «Plan especial PERI II-08 Tomás A. Alonso » pendente de desenvolvemento.

Previa a oportuna tramitación e de conformidade co pautado na Lei 9/2017, de contratos do sector público, con data do 22.03.2021, e no eido das atribucións conferidas polo artigo 5.2 dos vixentes Estatutos desta XMU, o Xerente e o Secretario da XMU, validaron a proposta de formalización da contratación do servizo para a asistencia técnica para a redacción do presente PEID, adxudicándose á entidade "Pereiro Arquitectos, SLP "(Exp. 11013/407).

En cumprimento do estipulado no amentado contrato administrativo, con data do 20.09.2021(Doc.Núm.210190657; Cod. Sol.: W602244-8876) o equipo redactor achegaba a través do Rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica consistente en: Borrador e Documento Ambiental Estratéxico do «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo ».

Con data do 28.09.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo ditou Resolución, cuxa parte dispositiva reza como segue: *PRIMEIRO: Incoar formalmente o procedemento administrativo correspondente á tramitación do "Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación da Biblioteca Pública do Estado, en Vigo", instrumento de iniciativa pública, promovido por esta administración, procedendo á remisión da documentación técnica presentada polo equipo redacto "Pereiro Arquitectos, SLP"-, consistente Borrador e DAE-, asinada dixitalmente con firma dixital válida con data xuño de 2021- ao órgano ambiental correspondente da Xunta de Galicia, en solicitude do inicio do trámite de Avaliación ambiental simplificada, cos nomeados obxectivos e finalidades definidos na dita documentación,- isto é, regular o establecemento e a ordenación da implantación da biblioteca pública do Estado en Vigo, e a ordenación do entorno, reforzando o espazo urbano con vocación dotacional que presta servizo a cidade, de conformidade coas determinacións urbanísticas a tal efecto establecidas no mesmo e coa lexislación urbanística vixente.*

*SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución o órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, a que se lle xunta o Borrador e DAE, redactado por "Pereiro Arquitectos, SLP", correspondente ao presente instrumento de planeamento,- "Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación da Biblioteca Pública do Estado, en Vigo" - solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal), e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.*

*TERCEIRO:Que se proceda a notificar ás diversas entidades subministradoras, consonte co previsto no artigo 185.2 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aos efectos da emisión do informe que corresponda, no eido das súas competencias atribuídas, comprensivo da suficiencia dos servizos existentes e previstos no dito ámbito consonte co previsto no artigo 162.g) do dito corpo legal.*

En cumprimento da resolta, e de conformidade co pautado no artigo 185.2 do RLSG en relación co artigo 162.g)do dito corpo legal, procedeuse a solicitude dos informes correspondentes as empresas



## Concello de Vigo

subministradoras e distribuidoras, - verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito, e así consta incorporados ao expediente electrónico de razón.

Pola súa banda, procedeuse a dar traslado da dita Resolución, ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, xuntando o Borrador e DAE, solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I, do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

En cumprimento do peticionado, con data do 02.12.2021 ditouse Resolución pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización da Biblioteca Pública Estatal de VIGO", no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, posto que non se prevén efectos ambientais significativos e ao que se xunta os informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento, correspondentes aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- O Informe emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con data do 25.11.2021 conclúe que, o obxecto do plan especial proposto axústase ao sinalado no artigo 183 do RLSG no que atinxe ao establecemento dun uso dotacional, e tramitarase segundo o procedemento recollido no artigo 75 da LSG e no artigo 186 do RLSG.

- O informe emitido polo Director do Instituto de Estudos do Territorio con data do 25.11.2021 conclúe que, o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca estatal de Vigo, non provocará un impacto paisaxístico significativo, considerando suficientes as análises da paisaxe contidas no borrador e no DAE do plan.

- O informe emitido pola directora xeral do Patrimonio Cultural con data do 04.11.2021, no que conclúe que o promotor deberá ter en consideración as observacións e suxestións contidas no mesmo, e unha vez aprobado inicialmente, deberá solicitarse o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG.

A amentada Resolución, foi publicada no DOGA núm. 241, do 17 de decembro de 2021, mediante anuncio do 2 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático.

Neste estado da tramitación, e logo da achega de sucesiva documentación técnica preceptiva para a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes técnicos emitidos ás diversas achegas, con data do 18.11.2022 -( COD.SOL W795759-4434 e Núm. Doc.220287223)-, o equipo redactor insería no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, documentación técnica completa relativa ao presente instrumento de planeamento, en soporte dixital, que anula e substitúe a anteriormente achegada, aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial.

Con carácter previo a aprobación inicial, e consonte a normativa de pertinente aplicación, achegáronse os seguintes informes sectoriais:

-Informe da Subdirección xeral de Aeroportos e Navegación Área, emitido con data 13.03.2023, no que conclúe, *“informar favorablemente el PEID....en lo que a servidumbres aronáuticas se refiere, siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles,etc.) no vulneren las servidumbres areonáuticas....”*

Obran no expediente dixital de razón, a emisión dos seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable a actuación proposta:

- Informe do enxeñeiro civil de obras públicas do 04.11.2022, adscrito á oficina de urbanización e infraestruturas.

-Informe da Técnica de medio ambiente do 24.11.2022, conformado na mesma data pola Xefa da oficina de planeamento e Xestión.

Finalmente, elevado o expediente a Arquitecta Xefa da Área de desenvolvemento urbanístico, con data do 22.03.2023 emite informe técnico, á vista da derradeira documentación presentada, de carácter favorable, do que se reproduce a continuación o seu contido técnico:

#### *“(..)I CONDICIÓN S URBANÍSTICAS*

*O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, nomeado “Expediente de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 a LASGA ( Leí 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), en diante PXOU-93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, publicada no DOG nº 87 o 10/05/1993 e a súa normativa publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993. Segundo o PXOU-93 a zona sinalada atopábase en Solo Urbano nun ámbito de desenvolvemento denominado PERI II-08 Tomás A. Alonso de 337.050 m2, que non chegou a desenvolverse.*

*Con posterioridade, e na metade do ámbito, tramitouse unha modificación puntual, MP nº 15 para a “Ampliación servizos institucionais Coia” (expediente 4453/411) que tivo aprobación definitiva en data 29/05/1998, con publicacións no DOG o 16/07/1998 e no BOP o 06/07/1998, e na que uns 10.082 m2 de superficie foron detraídos do PERI Tomás A. Alonso e cualificáronse 7.382 m2 á Ordenanza 4.5 de Outras institucións e 1.470 m2 á Ordenanza de 3.1.A. de Zonas verdes e libres, todo elo para dar cabida a ampliación dos Xulgados. Na modificación puntual asignábanse á Ordenanza 4.5 de Outras Institucións as seguintes condicións urbanísticas: 3,5 m2/m2 de edificabilidade máxima, retranqueos a lindeiros mínimos de 3 m. e unha altura máxima de VII plantas. Na outra metade mantense a clasificación de Solo Urbano do ámbito de desenvolvemento denominado PERI II-08 Tomás A. Alonso, afectando, no seu caso, á delimitación do ámbito nun 1,05% da superficie (uns 3.455m2 dos 326.968m2 totais) inferior ao 10% permitido polo artigo 157.2 do RLSG*

*En resumo, nos de 6.578m2 de superficie do ámbito do PEID, están clasificados nunha metade como solo urbano con ordenanzas de aplicación 3.1.A e 4.5 (uns 3.123m2) e a outra metade como solo urbano incluído no PERI II-08 Tomás A. Alonso (uns 3.455m2).*

*O 47,50% do ámbito é de Solo Urbano Consolidado pola MP nº 15 do PXOU e 52,50% Solo Urbano No Consolidado, do PERI Tomás A Alonso*





## Concello de Vigo

O Plá  
terreo  
Chou.  
versió  
expec  
do P/  
23/10  
nover  
o ant.  
finalid  
II OB  
A ord  
parce  
Coru  
Búsc  
camiñ  
coord



investimento realizado polo Concello de Vigo nesas terreos. Búscase deseñar un edificio emblemático e singular que podería xerar un espazo cultural ambicioso, que completaría o vacío urbano actual.

### III INICIATIVA DE PLANEAMENTO

Tal como sinala o artigo 8.1 do texto refundido da Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana, a iniciativa para propor actuacións de transformación urbanística poderá partir das Administracións públicas. O artigo 12 da Lei da LSG, e 20 do RLSG, expón que no ámbito local os concellos exercerán como competencias propias todas as facultades que lle son atribuídas, pola lei 2/2016 e demais normativa que resulte de aplicación en materia de planeamento, xestión e execución urbanística. Así o concello constituíuse no promotor da actuación ao desenvolverse en parcelas de titularidade e destino público.

### IV COVENIENCIA DA REDACCIÓN DUN PEID. DOCUMENTACIÓN. NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO DE GALICIA

Segundo o artigo 70.1 da LSG e 177.1.c) do RLSG unha das finalidades dos plans especiais está a de coordinar a execución de dotacións urbanísticas, a tal efecto os PEID poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase do solo, estean ou non previstas no plan xeral.

O artigo 70.2 da LSG e 171.3 do RLSG sinala “En ausencia de planeamento xeral municipal, o cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións non esixan a previa definición dun modelo territorial”.

O presente PE, polo tanto, ten a finalidade de planificar e establecer unha dotación urbanística de carácter público, a Biblioteca do Estado, sen que poda considerarse unha definición dun modelo territorial novo, cínquese á ampliación e a un simple cambio de uso dun dotacional existente. Este PEID ten a

*consideración de plan non previsto, segundo o sinalado no artigo 177.2. do RLSG xa que o seu ámbito non esta definido no PXOU-93.*

*O artigo 73 da LSG e 183 do RLSG establecen que en desenvolvemento do planeamento poderanse redactarse PEID coas seguintes determinacións:*

- a) Delimitar os espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e seu destino concreto.*
- b) Medidas necesarias para a adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.*
- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.*
- d) Regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables.*
- e) Regulación, no seu caso, doutros criterios e normas as que se teña que axustar o correspondente proxecto técnico.*

*Segundo a Memoria achegada:*

*Los objetivos del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones son los de modificar la ordenación detallada del PXOU 93, con el fin de obtener una mejora substancial de la ordenación urbanística vigente, que permita la instalación de la Biblioteca del estado en el destino deseado.*

*Los criterios de ordenación son los de concentrar el suelo idóneo destinado a edificación y mejorar la relación norte-sur en el ámbito del Plan Especial, dándole protagonismo a la zona verde como espacio de encuentro. La ordenación propuesta comprende la totalidad de la parcela que constituye el ámbito del Plan Especial, con una extensión superficial de 6.578,00 m<sup>2</sup>. Dicha ordenación se apoyará principalmente en la rúa Lalín.*

*Polo tanto o obxecto do presente PEID é acorde coas determinacións previstas na lexislación urbanística, para este tipo de instrumentos, desenvolve o PXOU-93 delimitando os espazos reservados para unha dotación urbanística como é a Biblioteca estatal.*

*O PEID achegado contén a documentación sinalada no artigo 184 do RLSG, memoria, informativa e xustificativa, relación das persoas titulares dos terreos afectados, estudos complementarios necesarios en función da súa finalidade, planos de información, planos de ordenación, ordenanzas de edificación e usos do solo, normas de protección, normas técnicas e parámetros da edificación, avaliación económica da implantación dos servizos e , catalogo, se é o caso. Está organizada, de conformidade co especificado nas Normas Técnicas de Planeamento de Galicia, en diante NNTTPP, en dúas carpetas raíz denominadas 36057\_PEID\_202211\_AI\_01PDF en formato dixital non editable (.pdf) e 36057\_PEID\_202211\_AI\_02EDIT en formato editable, consonte o mesmo artigo, estas dúas carpetas comprimidas achegan os seus arquivos hexhash (pegada dixital), polas que foi comprobada a coincidencia de soportes, mediante o programa Autofirma, concluíndo, que no xeral, o documento adecúase a estas normas. No obstante na próxima entrega procurarase a coincidencia de carpetas xa que nas carpetas 01.MX e 07.AEE da carpeta raíz 36057\_PEID\_202211\_AI\_02EDIT non conteñen o mesmo número de arquivos que na carpeta raíz 36057\_PEID\_202211\_AI\_01PDF.*

**V CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN E CONFORMIDADE URBANÍSTICA**



## Concello de Vigo

A reserva da parcela dotacional está situada no lugar adecuado para satisfacer as necesidades da poboación, de cara a asegurar a súa accesibilidade universal, funcionalidade e integración, búscase unha maior superficie destinada para a dotación da Biblioteca cos menores condicionantes posibles, para que o concurso de arquitectura que se convoque ao efecto teña un alto grado de liberdade para conseguir os obxectivos sinalados e, non só, logre dotar a Vigo dun edificio contedor de libros, se non dun espazo cultural singular que poña en valor os condicionantes da contorna, tanto naturais como culturais.

O PEID non ten que xustificar as reservas mínimas de solo para os sistemas locais ao servizo do ámbito, posto que non ten capacidade residencial derivada do plan, no obstante resérvanse espazos libres públicos de zonas verdes e libres.

A superficie total do ámbito do PEID é de 6.578,00m<sup>2</sup>. e os parámetros urbanísticos comparados son:

MP nº 15 do PXOU 1993	PEID
Viaro o existente	Viaro o existente (216,93m <sup>2</sup> )
Zonificación Ordenanza 3.1.A. Zonas verdes e libres	Zonificación Ordenanza 3.1.A. Zonas verdes e libres
Superficie 1.470,00m <sup>2</sup>	Superficie 1.501,67m <sup>2</sup>
Zonificación Ordenanza 4.5 Outras institucións	Zonificación Ordenanza 4.5 Outras institucións
Superficie 7.382,00m <sup>2</sup> *	Superficie 4.859,00m <sup>2</sup>
Edificabilidade 3,50m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	Edificabilidade 3,50m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Alturas VII plantas	Alturas VI plantas
Retranqueos 3,00m.	Retranqueos 4,00m.
Uso Equipamento servizos administrativos xulgados	Uso Equipamento biblioteca

\* o ámbito da Ord. 4.5 na MP nº 15 era maior, a superficie non é comparable coa proposta. Como pódese comprobar no cadro anterior o PEID con respecto a MP nº 15, mantén a edificabilidade, diminúe a altura, e aumenta os retranqueos e os espazos libres previstos.

En canto o cumprimento da Lei 10/2014, de accesibilidade, na memoria xustifícase xenericamente a adecuación a lei, a superficie é case horizontal, as pendentes transversal e lonxitudinal non superan o 4% de media, polo que non hai ningunha excepcionalidade ao seu cumprimento; a referencia á Orden VIV/561/2010, derogada, debe entenderse referida a vixente Orden TMA/851/2021 pola que desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, rectificación que pódese recoller na seguinte entrega e antes da aprobación definitiva no PEID, xa que non ten carácter de esencial.

### VI COMPATIBILIDADE DA ORDENACIÓN COA REVISIÓN DO PXOM EN TRAMITACIÓN

En data de 29 de agosto de 2021 o Pleno municipal aprobou de xeito inicial o documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en diante RPXOM, este documento clasifica unha superficie equivalente á do PEID, como Solo Urbano Consolidado, SX EQ DM 608 Ob-Novo Sistema xeral de Equipamentos, Dotacional Múltiple, Convenio Biblioteca. Conclúese que na RPXOM existe a mesma previsión que desenvolve o PEID, polo tanto existe coordinación e compatibilidade entre ambos instrumentos.

## VII NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

A zonificación contida no PEID da cumprimento ao sinalado no artigo 216 do RLSG, das normas de aplicación directa que vinculan:

- aos instrumentos de planeamento, ao uso do solo, e en especial a súa urbanización e edificación adaptaranse as características naturais e culturais do entorno, así como respectaran os seus valores e
- as construcións e instalacións deberan adaptarse ao ambiente no que estiveran situadas.

## VIII CONSIDERACIÓN DAS OBSERVACIÓNS MANIFESTADAS NAS CONSULTAS PREVIAS AMBIENTAIS.

Coa resolución do IAE adxúntarose os comentarios e informes recibidos durante o período de consultas previas ao que se someteu o DAE e o borrador da proposta, dos que merecen destacar as seguintes consideracións:

*Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.*

*O ámbito situase na área continua do POL en non presenta incidencia no bordo litoral,..... Os terreos incluídos en solo urbano consolidado quedan fora do ámbito do POL e os que forman parte do solo urbano no consolidado están considerados aptos para o desenvolvemento urbanístico, formando parte como sistema de dotacións asociado. En consecuencia, conclúese que as determinacións do plan resultan compatibles cos criterios, principios e normas do POL.*

*Na Memoria Informativa do PEID apartado 1.1 POL recolle a normativa supramunicipal do POL, do mesmo xeito recóllese na Memoria xustificativa, apartado 9.3 Coherencia co POL.*

*Instituto de Estudos do Territorio*

*O plan non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretender executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona integrando elementos preexistentes de interese natural o cultural, como son os muros tradicionais de pedra, procurando un deseño singular e particularizado. Recomenda en todo caso consulta a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos para a definición das condicións de urbanización, pavimentación e sinalización.*

*O PEID non atende a suxerencia, trátase de unha recomendación e non unha obriga, polo que non ten carácter de esencial e pódese recoller nunha entrega posterior e antes da aprobación definitiva no PEID.*

*Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*

*Recomenda cartografar o muro tradicional garantindo a súa integración na futura ordenación pormenorizada proposta e advirte sobre a inclusión na Normativa que tanto o futuro inmovible como os bens mobles integrantes do Patrimonio Histórico Español nel custodiados quedaran sometidos ao réxime que a Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español establece para os bens de interese cultural.*

*Na Memoria informativa do PEID no seu apartado 7.2 Ley de patrimonio cultural, recóllese a recomendación de integración do muro de pedra na ordenación. Nas Normas urbanísticas do PEID no seu apartado 05 Condicións xerais da urbanización fala da conservación e reparación do muro de pedra.*



## Concello de Vigo

*Nas normas urbanísticas do PEID no seu apartado 08 Cumprimento da lexislación vixente, inclúese a advertencia do futuro inmovible e dos bens nel custodiados quedarán sometidos á normativa estatal Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español establece para os bens de interese cultural.*

### IX INFORMES MUNICIPAIS

*Constan no expediente os seguintes informes do enxeñeiro civil de Urbanización e Infraestruturas con data 4/11/2022 e da técnica de Medio Ambiente de Planeamento e Xestión con data 24/11/2022*

### X LEXISLACIÓN E INFORMES SECTORIAIS

*Con respecto a lexislación estatal, o ámbito atópase afectado polas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo e localízase fora da zona de influencia da costa, segundo a lei de Costas.*

*Con respecto a lexislación autonómica, o ámbito sitúase inserto na trama urbana de Vigo, na área continua de ordenación do POL (folla BM-07 do plano de modelo territorial), sen incidencia no bordo litoral nin doutras áreas descontinuas de corredor ecolóxico ou espazos de interese. Na cartografía de usos e elementos para a valoración aparece como terreo artificializado, non constando outros usos que merezan unha especial protección.*

*Os informes necesarios nas distintas fases da tramitación son:*

#### A) Previos á Aprobación Inicial

*1) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Secretaría General de Transportes y Movilidad, Dirección General de Aviación Civil, Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, segundo a Disposición adicional segunda do RD 2591/1998.*

*Informe emitido de data 13/03/2023 e nº de documento 230072525. no sentido "informar favorablemente el PEID.....en lo que a servidumbres aronáuticas se refiere, siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles,etc.) no vulneren las servidumbres areonáuticas...."*

#### B) Trala Aprobación Inicial

*Trala aprobación inicial e durante o mesmo tempo que dura a exposición pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos:*

*1) Delegación del Gobierno*

*2) Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Ley Patrimonio Histórico Español, Bens de Interese cultural.*

*3) Ministerio de Industria, Energía y Turismo, despliegue de redes públicas de telecomunicación.*

*3) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Secretaría General de Transportes y Movilidad, Dirección General de Aviación Civil, Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea, segundo a Lei 48/60 sobre Navegación Aérea e Decreto 584/72 de servidumes areonáuticas e Orden del Ministerio de Fomento de 30/06/2010 do Plan Director del Aeropuerto de Vigo.*

4) *Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, Demarcación Hidrográfica Galicia Costa.*

5) *Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, Dirección Xeral de patrimonio cultural.*

6) *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Plan de Ordenación do Litoral. Secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo.*

7) *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio.*

#### **C) *Previos á Aprobación Definitiva.***

*Segundo o artigo 186.1.e. do RLSG ao ser un plan no previsto no planeamento requirirá a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das directrices de ordenación do territorio e dos plans sectoriais.*

1) *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo.*

#### **XI TRAMITACIÓN**

*Segundo o artigo 75 da LSG e 186 do RLSG o órgano municipal competente procederá a aprobación inicial do PEID e someteralo a información pública como mínimo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no DOGA e nun dos periódicos de maior difusión na provincia, ase mesmo se notificará aos titulares catastrais dos terreos afectados, neste caso os terreos xa son propiedade concello de Vigo polo que á vista da documentación achegada procede súa aprobación inicial.*

## **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa examinada**

- Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,
- Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,
- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia- Artigos 70 a 76, 82 a 90)
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións- Artigos 177 a 184, e 185 a 187)
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),



## Concello de Vigo

- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993, e a súa Modificación Puntual núm. 15,
- O resto de disposicións que puideran afectar,

### **II. II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica**

O artigo 73 da vixente LSG 2/2016, determina que os PEID teñen por obxecto entre outros o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario; e deberán conter as determinacións adecuadas a súa finalidade.

Os terreos delimitados no presente PEID sitúanse no barrio de Coia na contorna de Praza América da cidade de Vigo, nun baleiro urbano con vocación dotacional. Linda ao norte e Leste coa avenida Ricardo Mella, e ao Sur coa rúa Caramuxo e ao Oeste con solos urbanos de uso industrial.

A delimitación abarca 6.578 m<sup>2</sup> de titularidade municipal, correspondéndose con dúas parcelas catastrais con referencias 1946936NG2714N0001MH e 1946937NG2714N0001OH, obtidas mediante o sistema de expropiación por esta administración (Exp. 240/413) .

Segundo o PXOU vixente e a súa MP núm. 15 os terreos están clasificados como solo urbano, dos cales 3.123 m<sup>2</sup> corresponden ao solo urbano consolidado- afectados polas ordenanzas 3.1 A e 4.5, e os restantes 3.455 m<sup>2</sup> forman parte do PERI II-08 Tomás A. Alonso.

A Revisión do PXOM en tramitación (Exp. 15313/411) incorpora o ámbito como sistema de equipamentos en solo urbano consolidado.

O plan especial pretende mellorar a ordenación vixente e a articulación de espazos libres públicos; e incorporar o uso necesario para a Biblioteca Pública do Estado, describíndose e xustificándose polo miúdo na documentación presentada os obxectivos propostos , buscando un elemento de transición entre a cidade consolidada e o modelo de asentamento alén do camiño do Chouzo e a obtención dun espazo público de uso e de encontro colectivo que ordene e coordine os equipamentos públicos existentes na contorna.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico do 22.03.2023, que se incorpora ao presente expediente e lle serve de motivación á presente proposta, de conformidade co pautado no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 73 da LSG e nos artigo 183 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

### **III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.**

O Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro electrónico desta XMU con data do 18.11.2022 - COD.SOL.: W795759-4434-polo equipo redactor- Pereiro Arquitectos SLU, conformado pola documentación que de seguido se relaciona, dando cumprimento ao artigo 184 do RSLs, isto é: Memoria informativa, Memoria xustificativa, Informe de avaliación acústica, Normativa do Plan especial, avaliación económica da actuación, catálogo, Avaliación ambiental estratéxica. Alternativas, Anexos, Modificación da ordenación do PXOM, e planos de información, planos de ordenación. Está organizada, e presentada de conformidade co especificado nas Normas Técnicas de Planeamento de Galicia (NNTTPP).

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 22.03.2023 a arquitecta xefa da área de desenvolvemento urbanístico, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa, e procede a súa aprobación inicial. Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos do presente PEID, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, deberá ser informado polo Interventor municipal, para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

#### **IV. Formulación dos Plan Especiais**

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

#### **V. Avaliación ambiental estratéxica**

Consta como se ten significado no corpo da presente, Resolución do 02.12.2021 ditada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización da Biblioteca Pública Estatal de VIGO", no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

#### **VI. Procedemento de tramitación**

O presente PEID ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

- Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Por imperativo do artigo 25 do RDLex.7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo estatal, a documentación que se exporá ao público incluírá un resumo executivo expresivo dos extremos que en dito artigo se definen; Asemade efectuarase a publicidade telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Vigo





## Concello de Vigo

- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral, requirirá en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais,
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que foran pertinentes, someténdoo co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu preceptivo informe, que terá que ser emitido nun prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.
- Cumprimentados os anteditos trámites, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

### VII. Da aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición segura de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

### VIII. Suspensión de licenzas

De conformidade co previsto no artigo 47.2 da LSG *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso no que as novas determinacións do mesmo supuxeran a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión.* Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

### IX. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

En consecuencia, visto o que antecede, e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal, e de conformidade co informe técnico favorable emitido pola Xefa da área de desenvolvemento

urbanístico con data do 22.03.2023, que se incorporan ao expediente e ao texto da presente e lle serven de fundamentación consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

**«ACORDO**

**PRIMEIRO:** Prestar aprobación inicial ao «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia con data do 18.11.2022 (núm. Doc. 220287223 e Cod. Sol.:W795759-4434) achegada en soporte dixital, elaborada con data novembro de 2022 por un equipo multidisciplinar, conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol, SL, Topag SL, e Noso Cooperativa.

**SEGUNDO:** Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coas características do ámbito e consonte á normativa urbanística e sectorial de aplicación; en todo caso e de conformidade co informe emitido pola directora xeral do Patrimonio Cultural con data do 04.11.2021, solicitarase o informe vinculante de dita Consellería previsto no artigo 34 da LPCG.

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de PEID as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

**TERCEIRO:** O presente acordo determina, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 29/03/2023.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ ". EXPTE. 11070/320.
- .- NOMEAMENTO INTERINO DE 3 ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 41761/220
- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA AXENCIA INFORMATIVA PARA SERVIZO DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **25(283).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ ". EXPTE. 11070/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 14/04/2023 e o informe de fiscalización do 17/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## **I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 17/01/2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de contratación do SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en data 17/01/2023.
- b) Memoria económica do contrato asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en data 2/03/2023.
- c) Documentos contables de retención de crédito de 6/03/2023 (RC núm. Operación: 202300024506 e RCFUT núm. Operación: 202300024508)
- d) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 9/03/2023, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- e) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 27/03/2023.
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en data 27/03/2023.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación, de data 29/03/2023.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 29/03/2023, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.
- i) Dilixencia asinada pola técnica de administración xeral Contratación, en data 14/04/2023, para corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) de data 29/03/2023.
- j) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 14/04/2023, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 17 de xaneiro de 2023 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorpora o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**Sexto.-** As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas, e Orzamentos e Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno

Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11070/320) por procedemento aberto simplificado abreviado do **SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 9/03/2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 14/04/2023, que rexerán a contratación do **SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

3º.- Aprobar o gasto de **10.102,80 €** para a contratación do **SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2260100 ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS, do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:

- 7.184,16 € correspondentes ao ano 2023.
- 2.918,64 € correspondentes ao ano 2024.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(284).- NOMEAMENTO INTERINO DE 3 ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 41761/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Constan no expediente solicitudes asinadas polas xefaturas dos servizos de participación cidadá, estatística, a área de réxime interior e EMAO conformadas polas concellerías delegadas competentes xunto coas declaracións responsables solicitando coa maior urxencia posible a cobertura das prazas vacantes da categoría profesional de administrativa/o de administración xeral, e informe asinado pola técnica de administración xeral no que se indica a posibilidade de cobertura das prazas vacantes con cargo ás OEP 2022 e 2020.



## Concello de Vigo

II.- En datas 20/02/2023 e 01/03/2023, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordear que: *“pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo para a cobertura interina de dúas prazas de administrativo vacantes, existentes no servizo de estatística e área de réxime interior con cargo á OEP 2022 e dúas prazas de administrativo vacantes, existentes nos servizos de participación cidadá e EMAO con cargo á OEP 2020”.*

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 31/03/2023, existen tres candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos estando o expediente neste momento en prazo de alegacións da funcionaria/o de carreira N. Seguíñ Fernández en relación á unha das prazas vacantes.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica de data 17/04/2023, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino dun administrativa/o de atención ventanilla (cod. 379) e dous administrativas/os (cod. 105) con cargo respectivamente ás prazas vacantes existentes nos servizos de estatística, réxime interior e EMAO incluídas nas ofertas de emprego correspondentes dúas prazas ao ano 2022 e unha ao 2020 (art. 10.1.a) do TREBEP).

V.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

#### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales





## Concello de Vigo

para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de tres administrativas/os de administración xeral con cargo ás prazas vacantes incluídas nas OEP 2022 e 2020.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo cód. 379 – administrativa/o de atención ventanilla e cód. 105 – administrativa/o.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de

Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 92 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 41.761/220 infórmase o seguinte:*

- *Vistas as ordes de incoación obrantes no expediente administrativo de referencia para os nomeamentos interinos de 4 administrativas/os de administración xeral con*



## Concello de Vigo

*cargo ás prazas vacantes incluídas nas OEP 2022 e 2020 (art. 10.1.a) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*

- Constan no expediente administrativo as renuncias manifestadas mediante escrito das/os seguintes candidatas/os: M. D. Chapela Gallego con DNI núm. \*\*\*3569\*\*, A. Vila Rodríguez con DNI \*\*\*7993\*\*, M. E. González Rodríguez con DNI \*\*\*6850\*\*, M. Vázquez Domínguez con DNI \*\*\*7863\*\*, M. J. Otero Neira con DNI \*\*\*2865\*\*, M. J. Lorenzo Núñez con DNI \*\*\*5438\*\*, N. M. Codesal Luaces con DNI \*\*\*1259\*\* e informes desfavorables asinados polo xefe da Área de Benestar Social e a xefa do servizo de Réxime Interior en relación ás posibles excedencias das funcionarias/os de carreira S. Rodríguez Miguélez con DNI \*\*\*8562\*\* e N. Seguíñ Fernández con DNI \*\*2892\*\* estando o expediente neste momento en prazo de alegacións da funcionaria/o de carreira N. Seguíñ Fernández.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como administrativas/os de administración xeral, aos candidatas/os que se relacionan a continuación que presentaron a documentación requirida para o efecto:*

<b>Categoría: 3 administrativas/os de administración xeral</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>1</b>	<b>***2167**</b>	<b>J. Domínguez Borines</b>
<b>2</b>	<b>***6053**</b>	<b>D. Cortizo Fernández</b>
<b>3</b>	<b>***2479**</b>	<b>V. Rodríguez Pérez</b>

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.*

*Os/as aspirantes interesadas/os e dispoñibles aceptaron expresamente os nomeamentos interinos ofertados mediante escritos incorporados ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.*

Dada a urxencia acreditada no expediente se procede a cobertura de tres prazas vacantes de administrativa/o con cargo dúas a OEP 2022 e unha á OEP 2020 por estar a cuarta pendente de resolución das alegacións presentadas por unha/un das/dos candidatas/os da lista de reserva.

## **VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 17/04/2023:

“o custo de iniciarse a relación o 24 de abril de 2023, sería o seguinte:

		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
2023	24/04/23 a 31/12/2023	3	62.176,32	20.673,63

O custo para 3 postos Administrativo: un cod. 379-Adtvo. Atención Ventanilla e dous cod. 105-Administrativo, deberá efectuar con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa).”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

## **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**



## Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 3 funcionarias/os interinas/os nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional:* 3 administrativas/os de administración xeral
- *Modalidade legal:* funcionarias/os interinas/os para a cobertura de prazas vacantes (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo ás ofertas de emprego correspondentes dúas prazas ao ano 2022 e unha praza ao 2020, salvo que proceda a súa amortización.
- *Destino:* Estatística, Réxime Interior e EMAO
- *Período temporal:* ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- *Custe económico:* “O custo de iniciarse a relación o 24 de abril de 2023, sería o seguinte:

		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
2023	24/04/23 a 31/12/2023	3	62.176,32	20.673,63

O custo para 3 postos administrativas/os: un cod. 379-Administrativo Atención Ventanilla e dous cod. 105-Administrativo, se deberá efectuar con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa).”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os con cargo ás prazas vacantes, como administrativa/o de atención ventanilla, a *J. Domínguez Borines*, con DNI \*\*\*2167\*\*, e como administrativas/os a *D. Cortizo Fernández* con DNI \*\*\*6053\*\* e *V. Rodríguez Pérez* con DNI \*\*\*2479\*\* ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro

do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á xefaturas dos servizos de estatística, área de réxime interior e EMAO, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(285).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA AXENCIA INFORMATIVA PARA SERVIZO DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 14/04/2023 e o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/04/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, aconcelleira-delegada de Xestión Municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

En base ás consideracións que recollidas no informe de necesidade e idoneidade, de data 28 de febreiro de 2023, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato procedemento aberto para contratación dunha axencia informativa para servizo de novas e alertas en tempo real.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

O Concello de Vigo para desenvolver e executar as competencias que a lexislación de réxime local atribúe ós entes locais, necesita ter información durante todo o ano das noticias locais, rexionais e nacionais, tanto para o seu coñecemento como para formar políticas en boa medida marcadas pola situación económica, cultural e social de cada tempo.

Para acceder a esta información, o Concello precisa contar cunha axencia de noticias que proporcione o servizo de novas e alertas, EN TEMPO REAL, durante os 365 días do ano, as 24 horas do día.

A axencia de noticias deberá dar cobertura e distribución de información xeralista - nacional, autonómica e local- relacionada coa cidade de Vigo. Cubrirá os acontecementos que se produzan en tempo real nos ámbitos socio-económico, político cultural, educativo, medioambiental e de ocio, dando resposta á necesidade de información veraz, inmediata e de calidade.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal con data 28 de febreiro de 2023.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 14 de marzo de 2023 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Memoria económica, asinado pola asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e mais do Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, con data 14 de marzo de 2023.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal con data 21 de marzo de 2023.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 13 de abril de 2023.

## II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

## **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto da contratación do servizo de novas e alertas en tempo real relacionadas coa cidade de Vigo que inclúa axenda informativa é ter cuberta esta demanda de información os 365 días do ano, as 24 horas do día.

A axencia de noticias ou información deberá dar cobertura e distribución de información xeralista - nacional, autonómica e local- relacionada coa cidade de Vigo. Cubrirá os acontecementos que se produzan en tempo real no ámbito dando resposta á necesidade de información veraz, inmediata e de calidade.

O servizo ofertado pola axencia de información será en formato texto e terá que incluír as seguintes prestacións como mínimo:

- Servizo de difusión de noticias en tempo real 365 días do ano, as 24 horas do día.
- Servizo de alertas 365 días do ano, as 24 horas do día.
- Cobertura global: internacional, nacional, autonómica e local relacionada coa cidade de Vigo.
- Contidos das noticias e as alertas: Economía, política, sociedade, novas tecnoloxías, saúde, ocio, cultura, ciencia, televisión, educación, ... relacionadas coa cidade de Vigo.
- Base de datos dixital.
- Servizo de axenda da Comunidade Autónoma de Galicia e da Cidade de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP).





## Concello de Vigo

### **II.2.- Lotes**

Non. De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, o obxecto do presente contrato non se divide en lotes, xa que a realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico. As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, o que debe tratarse como unha unidade funcional.

### **II.3.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.**

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos segundo necesidades, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** mediante pluralidade de criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal. A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

En canto a forma de tramitación será **ordinaria**.

O obxecto do contrato identifícase co código seguinte: CPV. 92400000 – Servizos de axencias de noticias.

### **II.4.- Prezo do contrato**

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

O orzamento máximo de licitación é de **23.173,92 €** co ive engadido.

Prezo con ive: 23.173,92 €

Prezo sen ive: 19.152,00 €

Importe do ive 21%: 4.021,92 €

En cumprimento do estipulado no artigo 100.2 da LCSP, para acadar o importe do orzamento base de licitación realizouse unha estimación desagregada dos custos que inclúen os gastos directos e indirectos, estando incluídas as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais. Tivéronse en conta ademais, os contratos similares tramitados pola Alcaldía nos tres últimos anos.

Sendo o Prezo mensual do servizo: 1.931,16 € co ive engadido.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

### **II.5.-Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017. Este contrato inclúe unha anualidade e tres prórrogas.

O valor estimado do contrato estipúlase en **76.608,00 €**

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

### **II.6- Anualidades**

- Primeira e única anualidade: Do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.

Ano 2023: 13.518,12 € e Ano 2024: 9.655,80 €

- Primeira prórroga: Do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025.

Ano 2024: 13.518,12 € e Ano 2025: 9.655,80 €

- Segunda prórroga: Do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026.

Ano 2025: 13.518,12 € e Ano 2026: 9.655,80 €

- Terceira prórroga: Do 1 de xuño de 2026 ao 31 de maio de 2027.

Ano 2026: 13.518,12 € e Ano 2027: 9.655,80 €

### **II.7.- Revisión de prezos**

Tendo en conta as características dos servizos obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

### **II.8.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril**

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2023 da Alcaldía cun importe inferior (20.000,00 €) ao orzamento base de licitación que ascende a 23.173,92 € co iva engadido. Polo que solicítase nesta memoria económica a sinatura do concelleiro da Area de Orzamento e Facenda.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes



## Concello de Vigo

no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente.

### **II.9.- Subcontratación**

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de contratos do Sector Público. Non se fixan tarefas críticas.

### **II.10.- Prazo de execución e prórroga:**

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de maio de 2024, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

### **II.11.- Modificación do contrato**

Non se contempla.

### **II.12.- Responsable do Contrato**

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

### **II.13.- Seguro**

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

### **II.14.- Condicións especiais de execución:**

De tipo social: Establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.

1.- Establecese como condición especial de execución de carácter social:

- Toda a información facilitada aos aboados deberá empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizarán unha linguaxe inclusiva e fomentarán unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

2.- O cumprimento desta condición especial de execución poderá verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, comprobarase esta circunstancia ao tempo da finalización do contrato. Para estes efectos, en todos os

contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

3.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste prego e na lexislación vixente na materia.

4.- Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

## **II.15.- Solvencia**

### **- Solvencia económica e financeira:**

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
  - o Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
  - o Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.
  
- **Para as empresas de nova creación** (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
  - o Ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
  - o Ao 50% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.



## Concello de Vigo

### - Solvencia técnica e profesional:

Acreditarse, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato,

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

### III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 14 de marzo de 2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 13 de abril de 2023.

**Segundo.-** Aprobar el gasto por importe de **23.173,92 €** co ive engadido, sendo o importe correspondente ao IVE 21% de 4.021,92 € que se tramitará con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación.

De acordo as seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: Do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.  
Ano 2023: 13.518,12 € e ano 2024: 9.655,80 €
- Primeira prórroga: Do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025. Ano 2024: 13.518,12 €; Ano 2025: 9.655,80 €

- Segunda prórroga: Do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026. Ano 2025: 13.518,12 €; Ano 2026: 9.655,80 €
- Terceira prórroga: Do 1 de xuño de 2026 ao 31 de maio de 2027. Ano 2026: 13.518,12 € ; Ano 2027: 9.655,80 €

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(286).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez